En consecuencia, a ACSUG exige que as universidades do SUG realicen o seguimento da inserción laboral/empregabilidade dos titulados en estudos de doutoramento, en complemento dos propios estudos da ACSUG baixo o seu ámbito de competencias. Un paso moi relevante neste proceso foi o acordo, en xuño do 2021, entre as universidades públicas do SUG para harmonizar as metodoloxías e cuestionarios para realizar os anteditos estudos.

No seo da UVigo a Comisión de Calidade da Eido (Escola Internacional de Doutoramento), na súa reunión ordinaria de 21/5/2021, aprobou unha Ficha Técnica de Actividade (Anexo 1) para a medición da satisfacción/inserción laboral dos doutores/as cos programas de doutoramento da UVigo. Segundo dita Ficha Técnica, "o Observatorio de Persoas Tituladas do Consello Social da Universidade de Vigo, que asume a dirección, supervisión e control xeral da súa realización, en colaboración coa dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)". Xunto coa referida Ficha Técnica de Actividade, nesa reunión tamén era aprobada a versión definitiva do Cuestionario que debería ser aplicado (Anexo 2).

O 25/6/2021 e 29/10/2021 prodúcense reunións entre os responsables da Área de Calidade, Servizo de Posgrao, dirección da Eido e Observatorio de Persoas Tituladas para implantar a enquisa de inserción laboral nas persoas recén tituladas, estando condicionada a súa viabilidade á aprobación polos órganos do Consello Social.

2. Colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

A partir da entrada en vigor do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) a 25/5/2018 é preciso un consentimento explícito previo dos antigos estudantes para poder enviarlles enquisas sobre inserción laboral. Con ese fin, a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade³ implementou un Documento de Consentimento Explícito destinado aos recén titulados en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento para que, no momento de solicitar o título académico, cedesen os seus datos de contacto tanto de forma presencial como telemática, transferindo esta Vicerreitoría, como desde o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, ao Observatorio

³ Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria entre 2018-2022.

o listado dos antigos estudantes en estudos de doutoramento da promoción 2020/2021 que deran o seu consentimento a formar parte da nosa Base de Datos.

A disposición de información actualizada sobre a inserción laboral das persoas graduadas da UVigo en estudos de doutoramento do curso 2020/2021 permitirá que a institución poda cumprir a exigencia da ACSUG relativa a que as universidades realicen o seguimento da inserción laboral/empregabilidade e da satisfacción dos titulados nos programas de estudos de doutoramento, ben como participar con datos actualizados sobre a empregabilidade das persoas tituladas en estudos de doutoramento nas diferentes clasificacións universitarias nacionais e internacionais (nomeadamente o ranking ARWU-Shanghai), quer a nivel global, quer por tipoloxía de estudos, quer por programas de doutoramento.

Obxectivos

A seguir son definidos o obxectivo principal e específicos deste estudo elaborado polo Observatorio de Persoas Tituladas coa colaboración do Consello Social da UVigo a partir da análise dos resultados da enquisa autoaplicada sobre a inserción laboral e da satisfacción cos programas de doutoramento das persoas tituladas da UVigo no curso académico 2020/2021.

1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo consiste na obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a empregabilidade e satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento da UVigo de cara a mellorar a calidade destes e así contribuír á mellora da formación do estudantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

2. Obxectivos específicos

Este estudo de inserción laboral e de satisfacción dos doutores/as cos programas de doutoramento da UVigo procura obter información sobre os seguintes aspectos:

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil socio-demográfico e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
 - Sexo
 - Procedencia
 - Idade
 - Lugar de residencia
 - Ramas de coñecemento
 - Programas de doutoramento
 - Estudos de acceso ao doutoramento
 - Características dos estudos de doutoramento

- Experiencia laboral anterior á realización dos estudos de doutoramento.

- Financiamento durante os estudos de doutoramento.

- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo ás seguintes variábeis de segmentación:
 - Lugar do traballo: Galicia, outra comunidade autónoma e resto do mundo
 - Rama de actividade: empresa privada, ámbito público e entidades sen ánimo de lucro
 - Sector económico: actividades físico/deportivas, actividades inmobiliarias, actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...), aeroespacial, alimentación/industria alimentar, automoción; banca, servizos financeiros e seguros, comercio⁴, construción, consultoría, cultura e entretemento, defensa e seguranza, enerxía e utilities, ensino/docencia non universitaria, ensino superior, enxeñaría, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases, investigación/actividades científicas; loxística, transporte e distribución, madeira, medios de comunicación/audiovisuais, metalurxia e eléctrico, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, sanitario/saúde, sector primario⁵, servizos a empresas, servizos da Administración Pública, servizos de investigación⁶, servizos informáticos, servizos sociais/outras actividades sociais, telecomunicacións/IT, téxtil e confección, turismo e restauración/HORECA e xestión ambiental
 - Área funcional de traballo ou departamento: administración e finanzas, atención ao cliente/usuario, calidade, compras, dirección xeral, enxeñaría e construción, formación e ensino, I+D+i, informática e tecnoloxía, loxística e almacén, sen áreas funcionais diferenciadas no seo da empresa/entidade, prevención e saúde, produción, recursos humanos, servizos, vendas/marketing e xestión de proxectos
 - Categoría profesional: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e empregado/a non cualificado/a
 - Tamaño da empresa/entidade: empresa individual⁷, microempresa, pequena empresa, mediana empresa e grande empresa
 - Ingresos: Nivel salarial e/ou de ingresos referidos polos inquiridos (sen contrastar cos correspondentes contratos)

- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo:
 - Adecuación das funcións ao traballo (sobrecualificación e infracualificación)

⁴ Inclúe comercio grosista e retailista.

⁵ Agricultura, gandería, caza e pesca.

⁶ Actividades científicas/investigación en centros, laboratorios e institutos non universitarios.

⁷ Autoemprego ou traballador/a autónomo/a sen empregados.

- Grao de satisfacción global co seu emprego
- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021:
 - Satisfacción global co programa de doutoramento realizado, coa dirección e titorización dos estudos de doutoramento, coas competencias adquiridas e sobre se recomendaría a realización destes estudos
 - Satisfacción coa empregabilidade e inserción laboral relativamente á capacitación para desenvolver a carreira investigadora, a súa contribución a facilitar a inserción laboral e a mellorar do nivel socio-laboral e a relación do traballo actual co contido do programa de doutoramento realizado.
- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas graduadas en estudos de doutoramento, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo, a situación socio-laboral actual e a satisfacción con aspectos globais e ligados á empregabilidade e inserción laboral fornecida polo programa de doutoramento realizado.

Metodoloxía

Esta parte detalla os pasos implementados para a elaboración deste informe sobre a inserción laboral e da satisfacción cos programas de doutoramento das persoas tituladas da UVigo no curso académico 2020/2021 relativamente ao proceso metodolóxico, estrutura do cuestionario aplicado, definición da poboación e mostra, ben como a ficha técnica.

1. Proceso metodolóxico

1.1 Elaboración do cuestionario

O deseño do cuestionario aplicado neste estudo é resultado da colaboración do Observatorio de Persoas Tituladas coa Área de Calidade da UVigo.

A referencia bibliográfica alicérase, con adaptacións, nos cuestionarios creados e aplicados polo Observatorio de Persoas Tituladas ás persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado. Alén diso, tamén foron levadas en conta enquisas semellantes aplicadas á poboación doutorada por outras institucións, nomeadamente a AQU⁸ (Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya). Relativamente aos indicadores específicos para a medición da satisfacción global cos programas de doutoramento, a empregabilidade e inserción laboral foi aplicado na súa integridade o cuestionario aprobado pola Comisión de Calidade de Eido para a medición da satisfacción dos programas de doutoramento da UVigo. Todos os ítems do cuestionario aplicado pódense consultar no Anexo 3.

Unha vez deseñado, o cuestionario autoaplicado, realizado a partir da tecnoloxía de Microsoft Forms, un servizo de O365 AI para educación coa licenza correspondente asignada pola UVigo, foi distribuído por correo electrónico entre os titulados/as da UVigo en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 que deran o seu consentimento para formar parte da Base de Datos do Observatorio⁹. O formulario foi inserido na Web institucional do Observatorio o 4 de setembro de 2023¹⁰.

1.2 Definición da poboación

Durante o curso académico 2020/2021 a UVigo emitiu un total de 178 títulos de doutoramento segundo a distribución por titulacións e centros que mostra o Cadro nº 1.

O Cadro nº 1 mostra, para cada titulación, centro e campus os programas de doutoramento emitidos no curso académico 2020/2021.

Cadro nº 1. Títulos de doutoramento emitidos da UVigo no curso 2020/2021

Programa	Centro	Títulos emitidos
Ourense		
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	Facultade de Ciencias	3

⁸ Cuestionario 2020 aplicado á poboación doutorada do SUC: https://www.aqu.cat/doc/doc_72485948_1.pdf [Consult. 1/11/2022]

⁹ Para a captación/alargamento dos consentimentos explícitos recibidos o Observatorio contou coa colaboración da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade coa difusión dunha comunicación á poboación graduada en estudos de doutoramento a 12/9/2023.

¹⁰ <https://forms.office.com/pages/responsepage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHq44TZNg1KZBrGRsMnAEDV5UOUpHN1BONU2Vk5ERVkzMVBCTEYySUJVUi4u>

Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	Facultade de Ciencias	17
Ciencias da Educación e do Comportamento	Facultade de Educación e Traballo Social	4
Ecosistemas Terrestres; Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais	Facultade de Ciencias	2
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptábeis	Escola de Enxeñaría Informática	2
Pontevedra		
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	4
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	Facultade de Belas Artes	5
Creatividade e Innovación Social e Sostible	Escola de Enxeñaría Forestal	1
Educación, Deporte e Saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	7
Equidade e Innovación en Educación	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	3
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	6
Vigo		
Análise Económica e Estratexia Empresarial	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	12
Bioteconoloxía Avanzada	Facultade de Bioloxía	4
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	Facultade de Química	2
Ciencia e Tecnoloxía Química	Facultade de Química	6
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	Facultade de Ciencias do Mar	11
Comunicación	Facultade de Filoloxía e Tradución	6
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	Escola de Enxeñaría Industrial	5
Endocrinoloxía	Facultade de Bioloxía	2
Enxeñaría Química	Escola de Enxeñaría Industrial	3
Estatística e Investigación Operativa	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	2
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	Facultade de Filoloxía e Tradución	6
Estudios Lingüísticos	Facultade de Filoloxía e Tradución	5
Estudios Literarios	Facultade de Filoloxía e Tradución	2
Física Aplicada	Facultade de Ciencias do Mar	3
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	Escola de Enxeñaría Industrial	5
Láser, Fotónica e Visión	Escola de Enxeñaría de Mina e Enerxía	3
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Facultade de Bioloxía	8
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	2
Neurociencia e Psicología Clínica	Facultade de Bioloxía	4
Ordenación Xurídica do Mercado	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	5
Protección do Patrimonio Cultural	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	6
Química Teórica e Modelización Computacional	Facultade de Química	1
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	2
Tecnoloxías da Información e as	Enxeñaría de Telecomunicación	8

Comunicacións		
Tradución e Paratradución	Facultade de Filoloxía e Tradución	4
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	4
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	11

1.3 Difusión do cuestionario

O cuestionario aplicado foi difundido por varias vías:

A principal, a través dun mailing masivo aos enderezos de correo electrónico das persoas graduadas en estudos de doutoramento no curso académico 2020/2021 rexistradas na Base de Datos do Observatorio fornecidos grazas á colaboración da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade da UVigo e dos Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

O corpo da mensaxe de correo electrónico en que se solicitaba a colaboración con esta iniciativa contiña un texto de presentación (ver Anexo 4) asinado polo director do Observatorio, no que se expuñan os obxectivos deste estudo e se encoraxaba a participar nesta iniciativa do Observatorio. As mensaxes enviadas incluían a ligazón de acceso ao cuestionario. De acceso simple e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folla de cálculo de acceso restrinxido ao persoal técnico de apoio do Observatorio.

Outra vía de difusión foron os medios telemáticos cos que conta o Observatorio, a Páxina Web, onde se habilitou unha entrada específica¹¹, e as nosas Redes Sociais, nomeadamente a Páxina de LinkedIn¹² e o Canal de Youtube, onde foi subido un vídeo-guía¹³ para acceder de antemán, e en menos de tres minutos, ás preguntas do formulario aplicado e facilitar a participación na enquisa.

Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar a importancia da participación no estudo. Así sendo, para alén do envío inicial¹⁴, fixéronse dúas reiteracións¹⁵, excluindo de cada unha delas as persoas que responderan a enquisa. De xeito excepcional foi preciso realizar unha terceira reiteración¹⁶, realizada a partir da conta corporativa da dirección do Observatorio, a fin de mellorar a taxa de resposta das titulacións en que se valorou que non estaban garantidos uns mínimos de representatividade.

Adicionalmente, en función da taxa de participación existente, a partir da conta de correo institucional do Observatorio foron realizados requirimentos ao profesorado responsábel da coordinación dos programas de doutoramento a fin de solicitar a súa colaboración na difusión da enquisa entre as persoas tituladas dos estudos respectantes (ver Anexo 5). Alén diso, nalgúns casos de programas de doutoramento con fraca taxa de reposta, tamén se contactou cos directores/as de tese de doutoramento para que solicitasen a participación dos seus antigos estudantes de terceiro ciclo¹⁷.

¹¹ <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-de-doutoramento-2020-2021/>

¹² <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

¹³ <https://www.youtube.com/watch?v=rI-0q9wkAw&list=PLpifPvJRto4tKTcwEkJADeqxWdfiqxSDW&index=7>

¹⁴ 12 e 18/9/2023

¹⁵ 19 e 25/9/2023 (primeira reiteración) e 26/9/2023 e 2/10/2023 (segunda reiteración).

¹⁶ 9/10/2023 (terceira reiteración).

¹⁷ Nomeadamente en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento; Ciencias da Educación e do Comportamento, Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura, Enxeñaría Química e en Protección do Patrimonio Cultural.

Logo da migración para O365 das contas de correo corporativas da UVigo, a diferenza dos estudos anteriores, o envío dos correos electrónicos non se viu afectado polos condicionamentos relativos á limitación do número de mensaxes/envío de cada conta de e-mail adscrita ao dominio uvigo.gal.

1.4 Recolla e procesamento de datos

As respostas recollidas instantaneamente foron incorporadas a unha base de datos, sendo revisadas¹⁸ e codificadas para seren traducidas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

A fin de garantir o anonimato dos participantes no formulario aplicado non se solicitou a indicación de datos persoais, senón un código de verificación consistente nos dous primeiros e últimos e letra final dos números de identidade e, de forma opcional, a conta de correo electrónico. Para asegurar o principio da absoluta confidencialidade no tratamento estatístico dos datos, como comprometido na solicitude de colaboración, as respostas da enquisa foron desvinculadas das contas de correo electrónico recibidas e do código de verificación asignado.

Posteriormente, a análise estatística dos datos foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

2. Estrutura do cuestionario

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudo estrutúrase en sete grandes bloques: información introdutoria, situación laboral anterior á realización do mestrado, situación actual, características do emprego actual, valoración do emprego actual, satisfacción global co programa de doutoramento e coa empregabilidade e inserción laboral.

2.1 Información introdutoria

O bloque 1 incorpora unha serie de datos de tipo de socio-demográfico do suxeito inquirido como o sexo, idade e lugar de residencia actual. Alén diso, a fin de actualizar a información de contacto da Base de Datos do Observatorio, solicitouse que as persoas inquiridas que así o desexaren facilitasen o seu enderezo de correo electrónico.

2.2 Información académica

No tocante aos datos académicos o formulario incluíu cuestións sobre o perfil de ingreso en aspectos como a modalidade de acceso consoante os criterios do RD99/2011 e a universidade de procedencia, o programa de doutoramento completado no curso 2020/2021 e campus, ben como aspectos ligados á tese de doutoramento (publicacións derivadas, mencións oficiais do título, tipo de traballo de investigación, traballos experimentais realizados e experiencias de mobilidade).

¹⁸ Levouse a cabo a depuración dos datos recollidos, consistente no tratamento dos datos perdidos e a análise dos valores atípicos.

2.3 Situación laboral anterior á realización do mestrado

O bloque 2 recolle información sobre a experiencia laboral previa á realización do programa de doutoramento na UVigo e a súa relación cos estudos realizados. Alén diso, inquiriu sobre os fontes de financiamento durante a realización dos estudos de doutoramento.

2.4 Informacións sobre a situación actual

O bloque 3 incorpora todas as informacións sobre a situación socio-laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 no momento de responder a enquisa. Aliás, recóllense as informacións máis relevantes relativas ao emprego como son o réxime de traballo (ou modalidade de contratación), tipo de contrato e de xornada, ben como a permanencia na situación socio-laboral actual.

2.5 Características do emprego actual

Para aquelas persoas que traballaban no momento de responder a enquisa no bloque 4 inquiriuse polo lugar do traballo e diversos aspectos sobre o emprego como o tipo de traballo, a rama de actividade, sector económico, categoría profesional, área funcional de traballo/departamento, tamaño da empresa/entidade e ingresos, elementos que serven para determinar o perfil profesional.

2.6 Valoración do emprego actual

A valoración do emprego actual abórdase a partir da relación existente entre o posto de traballo e os contidos do programa de doutoramento realizado na UVigo (adecuación temática ao traballo), a relación entre as exixencias do emprego actual e o nivel académico adquirido nos estudos de doutoramento realizados na UVigo; isto é, a adecuación das funcións ao traballo, ben como a satisfacción global co emprego actual.

2.7 Satisfacción co itinerario académico e coa empregabilidade e inserción laboral

No bloque 6 todos os suxeitos da mostra valoraron, cunha escala de satisfacción do 1 (moi insatisfactorio) a 5 (moi satisfactorio), aspectos relativos ao programa de doutoramento realizado na UVigo no curso 2020/2021 tanto do punto de vista académico (valoración global do programa de doutoramento realizado, dirección e titorización, competencias adquiridas e recomendación) como da empregabilidade e inserción laboral (capacitación para o desenvolvemento da carreira investigadora, contribución á inserción laboral e ao nivel socio-laboral).

2.8 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de as persoas inquiridas poderen expresar de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos ligados á enquisa e que non foran recollidos no cuestionario aplicado.

2.9 Esquema do cuestionario

O Cadro nº 2 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

Cadro nº 2. Estrutura do formulario autoaplicado

Bloques temáticos	Variábeis
Datos socio-demográficos	<ul style="list-style-type: none"> - Sexo - Procedencia - Idade - Lugar de residencia actual
Datos académicos	<ul style="list-style-type: none"> - Modalidade de acceso segundo RD99/2011 - Universidade de procedencia

	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de doutoramento obtido na UVigo no curso 2020/2021 - Campus universitario - Mencións oficiais de título - Tipo de traballo de investigación - Experiencias de mobilidade académica
Experiencia laboral previa	<ul style="list-style-type: none"> - Experiencia laboral previa - Adecuación temática ao traballo - Fontes de financiamento do doutoramento
Situación socio-laboral actual	<ul style="list-style-type: none"> - Situación socio-laboral na altura de responder a enquisa - Modalidade de contratación - Tipo de contrato - Tipo de xornada - Tempo na situación actual
Características do emprego actual	<ul style="list-style-type: none"> - Lugar do traballo - Rama de actividade - Tipo de traballo - Sector económico - Área funcional de traballo - Categoría profesional - Tamaño da empresa/entidade - Ingresos
Valoración do emprego actual	<ul style="list-style-type: none"> - Satisfacción global co emprego actual - Adecuación temática ao traballo - Adecuación das funcións ao traballo
Satisfacción coa empregabilidade	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da carreira investigadora - Facilitación da inserción laboral - Melloría do nivel socio-laboral
Satisfacción cos estudos realizados	<ul style="list-style-type: none"> - Satisfacción global co programa de doutoramento - Dirección e titorización - Competencias adquiridas - Recomendación
Pregunta aberta para comentarios	
Datos persoais de contacto	<ul style="list-style-type: none"> - E-mail de contacto actualizado (opcional)

3. Poboación e mostra

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

3.1 Persoas

Dun total de 178 persoas tituladas no curso 2020/2021, recolléronse un total de 111 respostas válidas correspondentes a persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo en dita promoción.

3.2 Sexo

A mostra obtida de persoas inquiridas, ao igual que a poboación, é paritaria, ao estar composta por un 56,8% de mulleres e 43,2% de homes.

Cadro nº 3. Tamaño da poboación e mostra segundo o sexo

	Poboación	Mostra
Home	86	48
Muller	92	63
Total	178	111

Cadro nº 4. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o sexo

	Poboación	Mostra
Home	48,3	43,2
Muller	51,7	56,8

3.3 Campus universitario

A mostra obtida distribúese, en concordancia coa poboación, segundo a seguinte secuencia: Vigo (70,3%), Pontevedra (15,3%) e Ourense (14,4%), cunha leve sobrerrepresentación do Campus de Pontevedra contra o de Ourense e Vigo.

Cadro nº 5. Tamaño da poboación e mostra segundo o campus universitario

	Poboación	Mostra
Ourense	28	16
Pontevedra	20	17
Vigo	130	78

Cadro nº 6. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o campus universitario

	Poboación	Mostra
Ourense	15,7	14,4
Pontevedra	11,2	15,3
Vigo	73,0	70,3

3.4 Ramas de coñecemento

A selección da mostra realizouse consoante un procedemento aleatorio estratificado, sendo a variábel de estratificación a porcentaxe de persoas tituladas no curso académico 2020/2021 en cada unha das cinco ramas de coñecemento¹⁹: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Enxeñaría e Arquitectura ou Tecnolóxica e Ciencias Sociais e Xurídicas ou Xurídico-Social.

O cadro nº 8 detalla o tamaño da poboación e mostra obtida de persoas tituladas da UVigo durante o curso académico 2020/2021 para cada ámbito académico.

Cadro nº 7. Tamaño da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades	27	16
Ciencias da Saúde	6	3
Científica	58	34
Tecnolóxica	36	19
Xurídico-Social	51	39

O cadro nº 8 mostra a distribución porcentual da poboación e mostra por ámbitos académicos.

Cadro nº 8. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	% Poboación	% Mostra
Artes e Humanidades	15,2	14,4
Ciencias da Saúde	3,4	2,7
Científica	32,6	30,6
Tecnolóxica	20,2	17,1
Xurídico-Social	28,7	35,1

¹⁹ Definidas polo Ministerio de Educación e Cultura (MEC).

Os programas de doutoramento correspondentes a cada unha das ramas neste estudo pódense consultar no Anexo 6.

Na mostra obtida predominan as persoas tituladas en programas de doutoramento das ramas Xurídico-Social (35,1%) e Científica (30,6%) seguidas, a máis distancia, pola Tecnolóxica (17,1%) e en Artes e Humanidades (14,4%). Finalmente, cunha porcentaxe moito menor, áchanse os estudos en Ciencias da Saúde (2,7%). Na mostra obtida existe certa sobrerrepresentación de persoas tituladas en estudos da rama Xurídico-Social a custa da menor presenza da Tecnolóxica e Científica.

3.5 Programas de doutoramento

Neste apartado é comparada a proporción de persoas graduadas en estudos de doutoramento existente na poboación e na mostra obtida no curso 2020/2021.

Cadro nº 9. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o programa de doutoramento

	% Poboación	% Mostra
Análise Económica e Estratexia Empresarial	6,7	9,9
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	1,7	0,9
Bioteconoloxía Avanzada	2,2	4,5
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	9,6	7,2
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	1,1	0,9
Ciencia e Tecnoloxía Química	3,4	2,7
Ciencias da Educación e do Comportamento	2,2	3,6
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	2,2	3,6
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	6,2	5,4
Comunicación	3,4	4,5
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	2,8	2,7
Creatividade e Innovación Social e Sostible	0,6	0,9
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	1,1	0,9
Educación, Deporte e Saúde	3,9	3,6
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	2,8	1,8
Endocrinoloxía	1,1	-
Enxeñaría Química	1,7	0,9
Equidade e Innovación en Educación	1,7	1,8
Estatística e Investigación Operativa	1,1	1,8
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	3,4	2,7
Estudos Lingüísticos	2,8	3,6
Estudos Literarios	1,1	0,9
Física Aplicada	1,7	0,9
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	2,8	1,8
Láser, Fotónica e Visión	1,7	2,7
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	4,5	5,4
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	1,1	1,8
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	2,2	2,7
Ordenación Xurídica do Mercado	2,8	2,7
Protección do Patrimonio Cultural	3,4	3,6
Química Teórica e Modelización Computacional	0,6	0,9
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	1,1	-
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	1,1	1,8
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	4,5	2,7
Tradución e Paratradución	1,1	0,9

Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	2,2	1,8
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	6,2	5,4

4. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica no curso académico 2020/2021 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Poboación: Persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título de doutoramento no curso académico 2020/2021.

Mostra recollida: 111 cuestionarios.

Estratificación: Para o total da mostra leváronse en conta as variábeis de segmentación sexo, lugar de residencia, procedencia, campus (se proceder), ámbitos académicos e programa de doutoramento obtido. Para as persoas que traballaban no momento de responder a enquisa a estratificación aplicouse á modalidade de contratación e tipo de contrato, lugar do traballo, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo (departamento), categoría profesional e tamaño da empresa/entidade.

Procedemento de recolla da información: As enquisas foron remitidas por correo electrónico a unha lista de persoas tituladas da UVigo que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio no momento de solicitar o seu título. O cuestionario tamén foi difundido en redes sociais propias, captándose os datos nun formulario aloxado na Web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Erro: Para un nivel de confianza de 95%, e $p=q$, o erro real é de $\pm 5,723\%$ para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simples²⁰.

Datas de realización: De 12 de setembro a 17 de outubro de 2023.

²⁰ Baixo as mesmas hipóteses, a seguir reflíctese a distribución de erros mostrais por rama coñecemento: Artes e Humanidades (0,15936), Ciencias da Saúde (0,43826), Científica (0,10906), Tecnolóxica (0,15669) e Xurídico-Social (0,07688).

Caracterización da poboación

1. Poboación graduada en doutoramento da UVigo no curso 2020/2021

Comparativamente cos estudos oficiais de grao e de mestrado universitario, os estudos de doutoramento, segundo mostra o Cadro nº 10, reduce o peso das ramas Xurídico-Social e crece especialmente na Científica e en Artes e Humanidades.

Cadro nº 10. Diferenza da distribución por ramas do coñecemento entre formación de grao, mestrado e doutoramento no curso 2020/2021

	Grao	Mestrado	Doutoramento
Artes e Humanidades	9,8	6,3	15,2
Ciencias da Saúde	8,6	2,1	3,4
Científica	7,0	7,3	32,0
Tecnolóxica	22,4	19,5	20,8
Xurídico-Social	52,3	64,8	28,7

As mulleres son maioría en todos os ámbitos, salvo no Tecnolóxico, en que representan 19,4%, existindo sobrerrepresentación feminina en Artes e Humanidades (74,1%) e en Ciencias da Saúde (66,7%) e paridade no Xurídico-Social, e Científico.

Cadro nº 11. Poboación graduada en doutoramento segundo a rama do coñecemento por sexo no curso 2020/2021

	Home	Muller
Artes e Humanidades	25,9	74,1
Ciencias da Saúde	33,3	66,7
Científica	39,7	60,3
Tecnolóxica	80,6	19,4
Xurídico-Social	49,0	51,0

2. Procedencia do talento

Este apartado aborda a distribución das persoas graduadas en estudos de doutoramento segundo a súa cidadanía a efectos de determinar os antigos estudantes de procedencia internacional e nacional ou con cidadanía española.


2.1 Resultados globais e por sexo

O 23,0% da poboación graduada en doutoramento na UVigo é de orixe estranxeira, sendo máis frecuente en homes (29,1%) que en mulleres (17,4%).

Cadro nº 12. Poboación graduada en doutoramento segundo a súa procedencia

	Global	Home	Muller
Nacional	77,0	70,9	82,6
Internacional	23,0	29,1	17,4

Dos 15 países de procedencia das persoas graduadas en doutoramento na UVigo no curso 2020/2021, case metade (48,8%) provén de Portugal, seguido a máis distancia polo Ecuador (9,8%), Exipto (7,3%), Alemaña e Turquía (4,9% ambos).



Creado con Datawrapper

Mapa nº 1. Lugar de procedencia por países do talento internacional

> [Visualizar datos](#)

Destas persoas, case dúas terceiras partes (63,5%) proceden de 6 países da UE, seguidas dun 19,5% da América Latina, 9,8% do norte de África e 7,3% de Asia.

2.2 Procedencia segundo o campus

É significativa a maior proporción de persoas graduadas en estudos de doutoramento de procedencia internacional no Campus de Pontevedra (40,0%) contra o 21,5% en Vigo e 47,9% en Ourense.

Cadro nº 13. Procedencia do talento segundo o campus universitario

	Nacional	Internacional
Ourense	82,1	17,9
Pontevedra	60,0	40,0
Vigo	78,5	21,5

2.3 Procedencia segundo a rama do coñecemento

É significativo o maior talento entre as persoas graduadas en doutoramento das ramas Xurídico-Social (37,3%) e Tecnolóxica (30,6%) que na Científica (10,3%).

Cadro nº 14. Procedencia do talento segundo a rama do coñecemento

	Nacional	Internacional
Artes e Humanidades	85,2	14,8
Ciencias da Saúde	83,3	16,7
Científica	89,7	10,3
Tecnolóxica	69,4	30,6
Xurídico-Social	62,7	37,3

2.4 Procedencia segundo o programa de doutoramento

A captación de talento internacional é total nas persoas graduadas en doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento, ben como na maioría en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (75,0%), Equidade e Innovación en Educación e en Láser, Fotónica e Láser (66,7%ambos), Educación, Deporte e Saúde (57,1%) e metade

en Análise Económica e Estratexia Empresarial e en Estatística e Investigación Operativa.

Polo contrario, en 15 dos 37 programas de doutoramento avaliados todas as persoas graduadas eran de procedencia nacional e, de forma expresiva, en Ciencias Mariñas, Tecnoloxías e Xestión (90,9%) e en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (57,5%).

Cadro nº 15. Procedencia do talento segundo o programa de doutoramento

	Internacional	Nacional
Análise Económica e Estratexia Empresarial	50,0	50,0
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	100,0	0,0
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	100,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	0,0	100,0
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	0,0	100,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	16,7	83,3
Ciencias da Educación e do Comportamento	25,0	75,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	75,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	9,1	90,9
Comunicación	16,7	83,3
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	20,0	80,0
Creatividade e Innovación Social e Sostible	0,0	100,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	0,0	100,0
Educación, Deporte e Saúde	57,1	42,9
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	100,0
Endocrinoloxía	0,0	100,0
Enxeñaría Química	0,0	100,0
Equidade e Innovación en Educación	66,7	33,3
Estatística e Investigación Operativa	50,0	50,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	16,7	83,3
Estudos Lingüísticos	20,0	80,0
Estudos Literarios	0,0	100,0
Física Aplicada	0,0	100,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	20,0	80,0
Láser, Fotónica e Visión	66,7	33,3
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	12,5	87,5
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	100,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	25,0	75,0
Ordenación Xurídica do Mercado	40,0	60,0
Protección do Patrimonio Cultural	16,7	83,3
Química Teórica e Modelización Computacional	0,0	100,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	50,0	50,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0	100,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	75,0	25,0
Tradución e Paratradución	0,0	100,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	100,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	18,2	81,8

3. Datos académicos

3.1 Teses con mención de doutoramento internacional

O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a mención de doutoramento internacional, sempre que concorran as circunstancias establecidas no artigo 42 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UVigo ligada á duración das estadias no estranxeiro, estea redixida nunha lingua distinta a calquera das oficiais no Estado, que sexa informada por un mínimo de dous especialistas doutores estranxeiros e/ou baixo a forma de tese en cotutela.

3.1.1 Resultados globais e por sexo

Un 29,8% de teses de doutoramento lidas no curso 2020/2021 incluíron a mención de doutoramento internacional, sendo máis frecuente en mulleres (33,7%) que en homes (25,6%).

Cadro nº 16. Teses con mención de doutoramento internacional

	%
Global	29,8
Home	25,6
Muller	33,7

3.1.2 Teses con mención de doutoramento internacional segundo a procedencia

Os doutores/as con cidadanía española presentan máis teses con mención de doutoramento internacional (33,7%) que os doutores/as de nacionalidade estranxeira (25,6%).

Cadro nº 17. Teses con mención internacional segundo a procedencia

	%
Internacional	25,6
Nacional	33,7

3.1.3 Teses con mención de doutoramento internacional segundo a rama do coñecemento

É significativa a maior frecuencia de teses con mención de doutoramento internacional nas persoas graduadas das ramas Científica (38,6%) e en Artes e Humanidades (33,3%) que en Ciencias da Saúde (16,7%) e Xurídico-Social (19,6%).

Cadro nº 18. Teses con mención internacional segundo a rama de coñecemento

	%
Artes e Humanidades	33,3
Ciencias da Saúde	16,7
Científica	38,6
Tecnolóxica	29,7
Xurídico-Social	19,6

3.1.4 Teses con mención de doutoramento internacional segundo o programa de doutoramento

As teses con mención de doutoramento internacional son maioritarias en 7 dos 37 programas avaliados: total en Creatividade e Innovación Social e Sostíbel e en Química Teórica e Modelización Computacional, seguida polo 75,0% en Biotecnoloxía Avanzada e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria, 66,7% en Estudos

Inglés Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura e en Láser, Fotónica e Visión e 58,8% en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Polo contrario en 11 programas de doutoramento non existe este tipo de mención, atinxindo menos de 25% en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, Estudos Lingüísticos e en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria (20,0% cada un), 16,7% en Análise Económica e Estratexia Empresarial e 9,1% en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica.

Cadro nº 19. Teses con mención internacional segundo a rama de coñecemento

	%
Análise Económica e Estratexia Empresarial	16,7
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	0,0
Biotecnoloxía Avanzada	75,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	58,8
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	50,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	33,3
Ciencias da Educación e do Comportamento	25,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	27,3
Comunicación	50,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	20,0
Creatividade e Innovación Social e Sostible	100,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	0,0
Educación, Deporte e Saúde	28,6
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0
Endocrinoloxía	0,0
Enxeñaría Química	33,3
Equidade e Innovación en Educación	0,0
Estatística e Investigación Operativa	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	66,7
Estudos Lingüísticos	20,0
Estudos Literarios	0,0
Física Aplicada	33,3
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	20,0
Láser, Fotónica e Visión	66,7
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	25,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	50,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	25,0
Ordenación Xurídica do Mercado	40,0
Protección do Patrimonio Cultural	0,0
Química Teórica e Modelización Computacional	100,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	25,0
Tradución e Paratradución	50,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	75,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	9,1

3.2 Lingua de lectura da tese

3.2.1 Resultados globais e por sexo

O español é a lingua maioritaria (52,2%) da lectura da tese das persoas graduadas en estudos de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021 seguido polo inglés (37,1%) e, a máis distancia, o portugués (6,2%) e o galego (4,5%).

Por sexo é significativa a maior proporción de teses de doutoramento en español defendidas por mulleres (56,5% contra 47,7%), en inglés por homes (40,7% contra 33,7%) e sen diferenzas significativas no caso das linguas portuguesa e galega.

Cadro nº 20. Lingua de lectura da tese no curso 2020/2021

	Global	Home	Muller
Español	52,2	47,7	56,5
Galego	4,5	4,7	4,3
Inglés	37,1	40,7	33,7
Portugués	6,2	7,0	5,4

3.2.2 Lingua de lectura da tese segundo a procedencia

O inglés é a lingua maioritaria da redacción da tese de doutoramento dos doutores/as internacionais (56,1%) e de case un terzo (31,4%) de doutores/as con cidadanía española, entre os cales a maioría (62,8%) redixiu os resultados da súa investigación en español e, en menor proporción, en galego (5,8%).

Cadro nº 21. Lingua de lectura da tese segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Español	62,8	17,1
Galego	5,8	0,0
Inglés	31,4	56,1
Portugués	0,0	26,8

3.2.3 Lingua de lectura segundo a rama do coñecemento

O español é a lingua maioritaria da redacción das teses de doutoramento dos graduados/as en Ciencias da Saúde (83,3%), Xurídico-Social (58,8%) e Científica (52,6%) contra o mínimo na Tecnolóxica (43,2%) e Artes e Humanidades (44,4%). O inglés apenas é a lingua maioritaria das teses de doutoramento da rama Tecnolóxica (54,1%) e de parte significativa da Científica (45,6%) contra o mínimo en Ciencias da Saúde (16,7%) e Xurídico-Social (19,6%).

A lingua galega foi usada para a redacción de 14,8% de teses de doutoramento en Artes e Humanidades e 7,8% da Xurídico-Social mentres que o portugués atinxiu unha parcela considerábel (13,7%) nesta rama de coñecemento, seguido por Artes e Humanidades (7,4%), Tecnolóxica (2,7%) e Científica (1,8%).

Cadro nº 22. Lingua de lectura da tese segundo a rama do coñecemento

	Español	Galego	Inglés	Portugués
Artes e Humanidades	44,4	14,8	33,3	7,4
Ciencias da Saúde	83,3	0,0	16,7	0,0
Científica	52,6	0,0	45,6	1,8
Tecnolóxica	43,2	0,0	54,1	2,7
Xurídico-Social	58,8	7,8	19,6	13,7

3.2.4 Lingua de lectura segundo o programa de doutoramento

O español é a única lingua de lectura das teses de doutoramento en 6 dos 35 programas avaliados (Creatividade e Innovación Social e Sostible; Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais; Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura; Endocrinoloxía, Equidade e Innovación en Educación e en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica) e maioritario noutros 12.

En inglés foron redixidas todas as teses de doutoramento en 5 programas (Estatística e Investigación Operativa; Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura; Láser, Fotónica e Visión; Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas e en Química Teórica e Modelización Computacional), ben como na maioría en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (87,5%), 75,0% en Biotecnoloxía Avanzada e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria, 60,0% en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e 58,3% en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

O galego apenas foi a lingua de redacción das teses de doutoramento en metade de graduados/as en Estudos Literarios, 40,0% en Estudos Lingüísticos, 25,0% en Ciencias da Educación e do Comportamento, 20,0% en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, 16,7% en Comunicación, 9,1% en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica e 8,3% en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

En portugués foi redixida algunha tese en 7 dos 35 programas avaliados, destacando en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento (66,7%), metade en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables, 40,0% en Ordenación Xurídica do Mercado, 28,6% en Educación, Deporte e Saúde e 20,0% en Estudos Lingüísticos.

Cadro nº 23. Lingua de lectura da tese segundo o programa de doutoramento

	Español	Galego	Inglés	Portugués
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	8,3	58,3	0,0
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	0,0	0,0	33,3	66,7
Biotecnoloxía Avanzada	25,0	0,0	75,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	64,7	0,0	35,3	0,0
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	50,0	0,0	50,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	66,7	0,0	33,3	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	75,0	25,0	0,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	75,0	0,0	25,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	54,5	0,0	45,5	0,0
Comunicación	50,0	16,7	16,7	16,7
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	60,0	20,0	20,0	0,0
Creatividade e Innovación Social e Sostible	100,0	0,0	0,0	0,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	100,0	0,0	0,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	57,1	0,0	14,3	28,6
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0	0,0	0,0
Endocrinoloxía	100,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Química	66,7	0,0	33,3	0,0
Equidade e Innovación en Educación	100,0	0,0	0,0	0,0
Estatística e Investigación Operativa	0,0	0,0	100,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	0,0	100,0	0,0
Estudos Lingüísticos	40,0	40,0	0,0	20,0
Estudos Literarios	50,0	50,0	0,0	0,0
Física Aplicada	66,7	0,0	33,3	0,0

Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	40,0	0,0	60,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	0,0	0,0	100,0	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	50,0	0,0	50,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	0,0	100,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	75,0	0,0	25,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	40,0	0,0	20,0	40,0
Protección do Patrimonio Cultural	83,3	0,0	16,7	0,0
Química Teórica e Modelización Computacional	0,0	0,0	100,0	0,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	50,0	0,0	0,0	50,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0	0,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	12,5	0,0	87,5	0,0
Tradución e Paratradución	50,0	0,0	50,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	25,0	0,0	75,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	72,7	9,1	0,0	18,2

3.2.5 Lingua de lectura segundo o doutoramento internacional

O inglés é a lingua de lectura maioritaria das teses con mención de doutoramento internacional (73,6% contra 21,6%), seguida polo español (26,4%). Existe máis variedade lingüística nas teses sen mención de doutoramento internacional.

Cadro nº 24. Lingua de lectura da tese segundo a mención de doutoramento internacional

	Sen doutoramento internacional	Con doutoramento internacional
Español	63,2	26,4
Galego	6,4	0,0
Inglés	21,6	73,6
Portugués	8,8	0,0

3.3 Teses por compendio de artigos

Segundo o artigo 41 do Regulamento de estudos de doutoramento da UVigo²¹, a tese de doutoramento poderá conter un conxunto de traballos que o doutorando/a ten publicados, ou que contan coa aceptación definitiva para a súa publicación. O texto da tese que coincida cos traballos publicados seguirá as mesmas normas de arquivo que os propios traballos, polo que soamente pode depositarse o post-print dos artigos, que pode ser a versión enviada polo autor/a antes da publicación, a versión publicada polo editor/a ou calquera outra que determine a política de copyright e autoarquivo da revista/editorial.

A UVigo reconece como «tese por compendio de publicacións» cando, alén de cumprirse todo o previsto no artigo 41 de dito Regulamento, a tese inclúa un mínimo de tres artigos de investigación publicados ou con aceptación definitiva para a súa publicación. Os artigos deben estar editados en revistas indexadas na listaxe do ámbito correspondente do Journal Citation Reports (SCI e/ou SSCI). Nas áreas en que non se aplique este criterio, poderá substituírse polas bases relacionadas pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) para estas áreas.

3.3.1 Resultados globais e por sexo

Un 27,4% das teses de doutoramento lidas no curso 2020/2021 contiñan os traballos publicados polo estudante de doutoramento segundo o formato de “tese por compendio de publicacións”, sendo máis frecuente en homes (30,5%) que en mulleres (24,4%).

²¹ Aprobado no Consello de Goberno do 20/07/2012 e modificado tras os acordos dos consellos de goberno do 06/06/2014 e do 07/02/2017, 27/02/2020 e 1/2/2022.

Cadro nº 25. Teses por compendio de artigos

	%
Global	27,4
Home	30,5
Muller	24,4

3.3.2 Teses por compendio de artigos segundo a procedencia

Os doutores/as con cidadanía española presentaron máis teses por compendio de artigos (29,7%) que os internacionais (20,0%).

Cadro nº 26. Teses por compendio de artigos segundo a procedencia

	%
Nacional	29,7
Internacional	20,0

3.3.3 Teses por compendio de artigos segundo a rama do coñecemento

É significativa a maior proporción de teses por compendio de artigos presentadas por doutores/as en estudos da rama Tecnolóxica (50,0%) e Científica (38,2%), seguidas a máis distancia por Ciencias da Saúde (16,7%) e Xurídico-Social (11,5%) contra o mínimo de 4,0% en Artes e Humanidades.

Cadro nº 27. Teses por compendio de artigos segundo a rama do coñecemento

	%
Artes e Humanidades	4,0
Ciencias da Saúde	16,7
Científica	38,2
Tecnolóxica	50,0
Xurídico-Social	12,5

3.3.4 Teses por compendio de artigos segundo o programa de doutoramento

O formato das teses de doutoramento por compendio de artigos foi maioritario en 9 dos 37 programas avaliados (total en 3: Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura, Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas e en Química Teórica e Modelización Computacional), ben como na maioría en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física e en Protección do Patrimonio Cultural (75,0% ambos), Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (68,8%), Enxeñaría Química; Láser, Fotónica e Visión e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria (66,7% cada un) e metade en Biotecnoloxía Avanzada, Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces; Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais e en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables.

Polo contrario, este formato non foi aplicado en 16 programas de doutoramento, cunha frecuencia inferior ao 30% en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (12,5%), Ciencia e Tecnoloxía Química (16,7%), Neurociencia e Psicoloxía Clínica (25,0%), Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión (27,3%) e en Educación, Deporte e Saúde (28,6%).

Cadro nº 28. Teses por compendio de artigos segundo o programa de doutoramento

	%
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	33,3
Bioteconoloxía Avanzada	50,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	68,8
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	50,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	16,7
Ciencias da Educación e do Comportamento	33,3
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	75,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	27,3
Comunicación	0,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0
Creatividade e Innovación Social e Sostible	0,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	50,0
Educación, Deporte e Saúde	28,6
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0
Endocrinoloxía	0,0
Enxeñaría Química	66,7
Equidade e Innovación en Educación	0,0
Estatística e Investigación Operativa	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0
Estudos Lingüísticos	0,0
Estudos Literarios	0,0
Física Aplicada	33,3
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0
Láser, Fotónica e Visión	66,7
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	25,0
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	75,0
Química Teórica e Modelización Computacional	100,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	50,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	12,5
Tradución e Paratradución	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	66,7
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0

3.3.5 Teses por compendio de artigos segundo a mención de doutoramento internacional

O formato por compendio de artigos das teses con mención de doutoramento internacional (42,0%) duplicaron ás que carecían desa mención (21,2%).

Cadro nº 29. Teses por compendio de artigos segundo a mención de doutoramento internacional

	%
Sen Doutoramento Internacional	21,2
Con Doutoramento Internacional	42,0

3.3.6 Teses por compendio de artigos segundo a lingua da tese

Foron máis frecuentes as teses por compendio de artigos nas redixidas en inglés (35,2%) que en español (25,6%) e portugués (18,2%).

Cadro nº 30. Teses por compendio de artigos segundo a lingua da tese

	Con compendio
Español	25,6
Galego	0,0
Inglés	35,0
Portugués	18,2

Caracterización da mostra

1. Datos socio-demográficos

1.1 Sexo

Na mostra avaliada existe paridade, cun 56,8% de mulleres contra 43,2% de homes, tal como mostra o Cadro nº 4.

1.2 Idade

A mostra avaliada de persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 ten unha idade media de 39,75 anos, máis alta en homes (40,63 anos) que en mulleres (39,08 anos). A idade máis frecuente (moda) é 31 anos, sen diferenzas por sexos.

Por faixas de idade, case a metade (45,9%) ten menos de 30 anos (48,9% de homes contra 46,0% de mulleres) seguido, a máis distancia, polo rango entre 36 e 40 anos (17,1%) e 10,8% entre 41 e 45 e entre 46 e 50. O 15,3 ten máis de 50 anos (15,9% de mulleres e 14,6% de homes).

Cadro nº 31. Estatísticos da Idade das persoas graduadas en doutoramento

	%	Home	Muller
Menos de 30 anos	10,8	6,3	14,3
31-35 anos	35,1	39,6	31,7
36-40 anos	17,1	8,3	23,8
41-45 anos	10,8	14,6	7,9
46-50 anos	10,8	16,7	6,3
51-55 anos	3,6	4,2	3,2
Máis de 55 anos	11,7	10,4	12,7
Media	39,75	40,63	39,08
Moda	31	31	31
Mediana	36,0	37,5	36,0
Desviación	9,910	10,266	9,659
Máximo	72	72	63
Mínimo	26	29	26

1.3 Lugar de procedencia

O 17,1% da mostra avaliada de doutores/as da UVigo no curso 2020/2021 e de orixe internacional. Por sexo é maior a proporción de doutores/as internacionais de homes (22,9%) que de mulleres (12,7%).

Cadro nº 32 Lugar de procedencia das persoas graduadas en doutoramento

	%	Home	Muller
Nacional	82,9	77,1	87,3
Internacional	17,1	22,9	12,7

1.4 Lugar de residencia actual

A maioría de persoas tituladas (58,6%) reside actualmente en Galicia, contra o estranxeiro (28,8%) e outras comunidades autónomas (12,6%).

Por sexos, tal como mostra o Cadro nº 33, a taxa de emigración²² masculina (52,1%) supera significativamente a feminina (33,3%), quer no estranxeiro, quer noutras comunidades autónomas.


Cadro nº 33. Lugar de residencia actual

	%	Home	Muller
Galicia	58,6	47,9	66,7
Outra comunidade autónoma	12,6	18,8	7,9
Resto do mundo	28,8	33,3	25,4

1.4.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

1.4.1.1 Provincias

O 81,5% reside nas provincias de Pontevedra (69,2%) e Ourense (12,3%).




Creado con Datawrapper

Mapa nº 2. Persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

1.4.1.2 Concellos

A mostra obtida distribúese en 20 concellos, mormente en Vigo (46,2%), seguido por Ourense (10,8%) e Pontevedra (9,2% ambos) e, a máis distancia, A Coruña (4,6%), Bueu, Ferrol e Santiago de Compostela (3,1% cada un). Nos 13 concellos galegos restantes reside o 20,0% da mostra de doutores/as avaliada.

²² Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.




Mapa nº 3. Persoas tituladas residentes en Galicia por concellos

[> Visualizar datos](#)

1.4.2 Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

1.4.2.1 Comunidades autónomas


Das sete comunidades autónomas con presenza de titulados/as en doutoramento, destaca Castela e León (28,6%), seguida por Cataluña, Comunidade de Madrid, Comunidade Valenciana e País Basco (14,3% cada unha).



Mapa nº 4. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

[> Visualizar datos](#)

1.4.2.2 Provincias



Creado con Datawrapper


Mapa nº 5. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas por provincias

[> Visualizar datos](#)

Das 11 provincias con presenza de titulados/as en doutoramento da UVigo destacan Burgos, Madrid e Valencia (14,3% cada unha).

1.4.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

Dos 14 países con presenza de titulados/as en doutoramento da UVigo no curso 2020/2021 destaca Portugal (43,9%) seguido, a máis distancia, por Ecuador e EUA (9,4% ambos) e Italia (6,3%).



Creado con Datawrapper

Mapa nº 6. Persoas tituladas residentes no estranxeiro

[> Visualizar datos](#)

1.5 Lugar de residencia actual segundo a procedencia

A proporción de persoas graduadas en doutoramento procedentes do estranxeiro residentes en Galicia (26,3%) quintuplica a outras comunidades autónomas (5,3%). A maioría (65,2%) con cidadanía española reside en Galicia, superando o estranxeiro (20,7%) a outras comunidades autónomas (14,1%).

Cadro nº 34. Lugar de residencia actual segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Galicia	65,2	26,3
Outra comunidade autónoma	14,1	5,3
Resto do mundo	20,7	68,4

1.5.1 Residencia en Galicia

Tanto as persoas egresadas con cidadanía española como estranxeiros residen maioritariamente na provincia de Pontevedra.

Cadro nº 35. Residencia en Galicia segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
A Coruña	18,3	20,0
Ourense	13,3	0,0
Pontevedra	68,3	80,0

1.5.2 Residencia noutras comunidades autónomas

Mentres que Cataluña concentra a totalidade de titulados/as estranxeiros, as persoas graduadas en doutoramento con cidadanía española están espallados, predominando Castela e León (30,8%) sobre o resto.

Cadro nº 36. Residencia noutras comunidades autónomas segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Andalucía	7,7	0,0
Cantabria	7,7	0,0
Castela e León	30,8	0,0
Cataluña	7,7	100,0
Comunidade de Madrid	15,4	0,0
Comunidade Valenciana	15,4	0,0
País Basco	15,4	0,0

1.5.3 Residencia no estranxeiro por países

Portugal destaca como lugar de residencia no estranxeiro tanto da maioría (52,6%) persoas graduadas en doutoramento con cidadanía española como de orixe internacional (30,8%). Entre estes últimos destaca a presenza en países da América (38,5%) contra a nula nos nacionais.

Cadro nº 37. Residencia no estranxeiro segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Alemaña	5,3	0,0
Bélxica	5,3	0,0
Brasil	0,0	7,7
Canadá	5,3	0,0
Chile	0,0	7,7

Observatorio de Persoas Tituladas | Consello Social

Ecuador	0,0	23,1
Estonia	5,3	0,0
EUA	10,5	7,7
Francia	5,3	0,0
Grecia	5,3	0,0
Italia	5,3	7,7
Portugal	52,6	30,8
Suecia	0,0	7,7
Suíza	0,0	7,7

2. Datos académicos

2.1 Ramas de coñecemento

Destacan as persoas graduadas en estudos de doutoramento da rama Xurídico-Social (35,1%) e da Científica (30,6%), seguidas pola Tecnolóxica (17,1%) e Artes e Humanidades (14,4%). A máis distancia áchanse os estudos en Ciencias da Saúde (2,7%).

Cadro nº 38. Persoas tituladas segundo a rama de coñecemento

	%	Home	Muller
Artes e Humanidades	14,4	12,5	15,9
Ciencias da Saúde	2,7	2,1	3,2
Científico	30,6	25,0	34,9
Tecnolóxico	17,1	27,1	9,5
Xurídico-Social	35,1	33,3	36,5

Por sexo, consoante o Cadro nº 38, é significativo referir que a maior proporción de mulleres con estudos da rama Científica (34,9% contra 25,0% de homes). Entre os homes son máis frecuentes os estudos da rama Tecnolóxica (27,1% contra 9,5%).

Os resultados da distribución das ramas de coñecemento por sexo pódense consultar no Cadro nº 39.

Cadro nº 39. Distribución da rama de coñecemento por sexo

	Home	Muller
Artes e Humanidades	37,5	62,5
Ciencias da Saúde	33,3	66,7
Científico	35,3	64,7
Tecnolóxico	68,4	31,6
Xurídico-Social	41,0	59,0

Relativamente á distribución por sexo cabe destacar a sobrerrepresentación masculina na rama Tecnolóxica (68,4%) e feminina en Ciencias da Saúde (66,7%).

2.1.1 Rama de coñecemento segundo o lugar de procedencia

Segundo o lugar de procedencia existen diferenzas estatisticamente significativas (p -valor $<0,05$). Así sendo, no estudantado internacional son maioritarios os estudos da rama Xurídico-Social (52,6%), máis peso da Tecnolóxica (21,1% contra 16,3%) a custa da menor frecuencia na Científica (15,8% contra 33,7%) e en Artes e Humanidades (5,3% contra 16,3%).

Cadro nº 40. Rama de coñecemento segundo o lugar de procedencia

	Nacional	Internacional
Artes e Humanidades	16,3	5,3
Ciencias da Saúde	2,2	5,3
Científico	33,7	15,8
Tecnolóxico	16,3	21,1
Xurídico-Social	31,5	52,6

O Cadro nº 41 mostra a distribución do lugar de procedencia segundo a rama de coñecemento dos estudos de doutoramento. Na mostra avaliada é significativa a maior

captación de talento internacional nos estudos de doutoramento en Ciencias da Saúde (33,3%), Xurídico-Social (25,6%) e Tecnolóxica (21,1%) que en Artes e Humanidades e Científica, co 6,3% e 8,8%, respectivamente.

Cadro nº 41. Lugar de procedencia segundo a rama do coñecemento

	Nacional	Internacional
Artes e Humanidades	93,8	6,3
Ciencias da Saúde	66,7	33,3
Científico	91,2	8,8
Tecnolóxico	78,9	21,1
Xurídico-Social	74,4	25,6

2.1.2 Rama de coñecemento segundo o lugar de residencia

A mobilidade xeográfica fóra de Galicia é maioritaria entre os titulados/as en Ciencias da Saúde (66,7%), seguida pola Xurídico-Social (46,2%) e Científica (44,1%) contra o 26,3% na Tecnolóxica. En todas as ramas a residencia no estranxeiro, en consonancia súa procedencia, a morada no estranxeiro supera a outras comunidades autónomas.

Cadro nº 42. Lugar de residencia segundo a rama de coñecemento

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	62,5	6,3	31,3
Ciencias da Saúde	33,3	33,3	33,3
Científico	55,9	14,7	29,4
Tecnolóxico	73,7	10,5	15,8
Xurídico-Social	53,8	12,8	33,3

2.1.3 Rama de coñecemento segundo a idade

A idade media das persoas tituladas en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 é maior en Ciencias da Saúde (47,33 anos), supera os 40 anos na Xurídico-Social (43,77 anos) e en Artes e Humanidades (40,38 anos) contra a mínima na Tecnolóxica (35,00 anos) e Científica (36,82 anos).

Cadro nº 43. Estatísticos de idade segundo a rama de coñecemento

	Media	Mediana	Desviación	Mínimo	Máximo
Artes e Humanidades	40,38	38,0	9,458	29	58
Ciencias da Saúde	47,33	47,0	9,504	38	57
Científico	36,82	34,5	7,657	30	66
Tecnolóxico	35,00	31,0	7,409	29	58
Xurídico-Social	43,77	40,0	11,273	26	72

2.2 Campus universitario

2.2.1 Resultados globais e por sexo

A maioría da mostra avaliada realizou os seus estudos no Campus de Vigo (70,3%) contra Ourense (14,4%) e Pontevedra (14,0%). É significativa a maior proporción de mulleres tituladas no Campus de Ourense (22,2% contra 4,2%) e de homes en Vigo (77,1% contra 65,1%).

Cadro nº 44. Persoas graduadas en doutoramento segundo o campus universitario

	%	Home	Muller
Ourense	14,4	4,2	22,2
Pontevedra	15,3	18,8	12,7
Vigo	70,3	77,1	65,1

Segundo mostra o Cadro nº 45, apenas existe sobrerrepresentación feminina no campus de Ourense (87,5%) e paridade no resto.

Cadro nº 45. Distribución de sexo segundo o campus universitario

	Home	Muller
Ourense	12,5	87,5
Pontevedra	52,9	47,1
Vigo	47,4	52,6

2.2.2 Campus universitario segundo o lugar de procedencia

Na mostra avaliada é significativa a menor captación de talento rexistrada entre as persoas graduadas en estudos de doutoramento do Campus de Ourense (6,3%).

Cadro nº 46. Captación de talento internacional

	Nacional	Internacional
Ourense	93,8	6,3
Pontevedra	82,4	17,6
Vigo	80,8	19,2

2.2.3 Campus universitario segundo a rama de coñecemento

Segundo mostra o Cadro nº 47, existen diferenzas significativas na distribución das ramas do coñecemento segundo o campus. Así sendo, a rama Xurídico-Social é maioritaria en Pontevedra (82,4%), a Científica en Ourense (56,3%), mostrando maior heteroxeneidade o Campus de Vigo.

Cadro nº 47. Ramas de coñecemento segundo o campus universitario

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Artes e Humanidades	12,5	17,6	14,1
Ciencias da Saúde	0,0	0,0	3,8
Científico	56,3	0,0	32,1
Tecnolóxico	0,0	0,0	24,4
Xurídico-Social	31,3	82,4	25,6

2.3 Programas de doutoramento realizados

2.3.1 Resultados globais

Segundo mostra o Cadro nº 9 os programas de doutoramento máis frecuentes na mostra avaliada neste estudo son Análise Económica e Estratexia Empresarial (9,9%) e Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (7,2%), seguidos por Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión; Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida e en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza (5,4% cada un), Biotecnoloxía Avanzada e en Comunicación (4,5% ambos), Ciencias da Educación e do Comportamento; Ciencias do

Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudábel; Educación, Deporte e Saúde; Estudos Lingüísticos e en Protección do Patrimonio Cultural (3,6% cada un).

Polo contrario, os estudos con menos presenza²³ foron os programas en doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento; Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces, Creatividade e Innovación Social e Sostible; Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais; Enxeñaría Química, Estudos Literarios, Física Aplicada, Química Teórica e Modelización Computacional e en Tradución e Paratradución (0,9% cada un).

2.3.2 Análise por sexo

2.3.2.1 Programa de doutoramento segundo o sexo

O Cadro nº 48 mostra, en orde decrecente, os programas de doutoramento máis frecuentes en homes e mulleres. Mentres que en mulleres son máis frecuentes Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (9,5% contra 4,2%) en homes é significativa a maior proporción en Análise Económica e Estratexia Empresarial (14,6% contra 6,3%).

Cadro nº 48. Programa de doutoramento máis frecuente segundo o sexo

Home		Muller	
Programa de doutoramento	%	Programa de doutoramento	%
Análise Económica e Estratexia Empresarial	14,6	Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	9,5
Bioteconoloxía Avanzada	6,3	Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	7,9
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	4,2	Análise Económica e Estratexia Empresarial	6,3
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	4,2	Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	6,3
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	4,2	Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	6,3
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	4,2	Ciencias da Educación e do Comportamento	6,3
Láser, Fotónica e Visión	4,2	Comunicación	4,8
Tecnoloxías da Información e as Comunicións	4,2	Estudos Lingüísticos	4,8
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	4,2	Protección do Patrimonio Cultural	4,8
Educación, Deporte e Saúde	4,2	Ciencia e Tecnoloxía Química	4,8

2.3.2.2 Sexo segundo o programa de doutoramento

Segundo a distribución por sexo, os programas de doutoramento foron agrupados en cinco categorías: titulacións exclusivamente femininas, con predominio feminino, paritarias²⁴, exclusivamente masculinas e con predominio masculino.

Titulacións exclusivamente femininas: En 7 dos 35 títulos a mostra obtida está formada integramente por mulleres: Ciencias da Educación e do Comportamento, Ciencia e Tecnoloxía Química, Equidade e Innovación en Educación, Estatística e Investigación Operativa; Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento, Química Teórica e Modelización Computacional e en Tradución e Paratradución

²³ Sen mostra nos programas de doutoramento en Endocrinoloxía e en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptábeis.

²⁴ Titulacións en que, segundo os criterios da Lei de Paridade, a proporción entre homes e mulleres non son inferiores a 40% nen superiores a 60%.

Titulacións con sobrerrepresentación feminina: En 9 títulos da mostra obtida existe sobrerrepresentación feminina.

Cadro nº 49. Programas de doutoramento con sobrerrepresentación feminina

	% muller
Xestión e Resolución de Conflictos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	83,3
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	75,0
Estudios Lingüísticos	75,0
Protección do Patrimonio Cultural	75,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	66,7
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	66,7
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	66,7
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	66,7
Ordenación Xurídica do Mercado	66,7

Titulacións paritarias: En 7 títulos existe presenza paritaria por sexos:

- Comunicación
- Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
- Educación, Deporte e Saúde
- Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura
- Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria
- Biotecnoloxía Avanzada
- Análise Económica e Estratexia Empresarial

Titulacións exclusivamente masculinas: A mostra de 9 títulos está formada integramente por homes:

- Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica
- Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces
- Creatividade e Innovación Social e Sostible
- Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais
- Enxeñaría Química
- Estudos Literarios
- Física Aplicada

Sobrerrepresentación masculina: Un total de 3 títulos presentan un predominio masculino.

Cadro nº 50. Programas de doutoramento con predominio masculino

	% home
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	66,7
Láser, Fotónica e Visión	66,7
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	66,7

O Cadro nº 51 reflicte a distribución porcentual de sexo por titulacións tanto na poboación como na mostra obtida.

Cadro nº 51. Distribución por sexo da poboación e mostra segundo o programa de doutoramento

	Poboación		Mostra	
	Home	Muller	Home	Muller
Análise Económica e Estratexia Empresarial	66,7	33,3	63,6	36,4
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	66,7	33,3	0,0	100,0
Bioteχνoloxía Avanzada	75,0	25,0	60,0	40,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	17,6	82,4	25,0	75,0
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	100,0	0,0	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	16,7	83,3	0,0	100,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	100,0	0,0	100,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	50,0	50,0	50,0	50,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	36,4	63,6	33,3	66,7
Comunicación	33,3	66,7	40,0	60,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	40,0	60,0	66,7	33,3
Creatividade e Innovación Social e Sostible	100,0	0,0	100,0	0,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	50,0	50,0	100,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	57,1	42,9	50,0	50,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	80,0	20,0	50,0	50,0
Endocrinoloxía	50,0	50,0	-	-
Enxeñaría Química	66,7	33,3	100,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	33,3	66,7	0,0	100,0
Estatística e Investigación Operativa	0,0	100,0	0,0	100,0
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	16,7	83,3	33,3	66,7
Estudios Lingüísticos	20,0	80,0	25,0	75,0
Estudios Literarios	50,0	50,0	100,0	0,0
Física Aplicada	100,0	0,0	100,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	0,0	100,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	66,7	33,3	66,7	33,3
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	50,0	50,0	33,3	66,7
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0	100,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	25,0	75,0	33,3	66,7
Ordenación Xurídica do Mercado	80,0	20,0	33,3	66,7
Protección do Patrimonio Cultural	33,3	66,7	25,0	75,0
Química Teórica e Modelización Computacional	0,0	100,0	0,0	100,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	100,0	0,0	-	-
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0	100,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicións	75,0	25,0	66,7	33,3
Tradución e Paratradución	50,0	50,0	0,0	100,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	75,0	25,0	50,0	50,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	27,3	72,7	16,7	83,3

2.3.3 Lugar de procedencia

A captación de talento internacional na mostra avaliada apenas foi total en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces, maioritaria en Tecnoloxías da Información e as Comunicóns (66,7%) e metade en Equidade e Innovación en Educación, seguida por Análise Económica e Estratexia Empresarial (45,5%), Creación e Investigación en Arte Contemporánea; Láser, Fotónica e Visión; Neurociencia e Psicoloxía Clínica e en Ordenación Xurídica do Mercado (33,3% cada un). Polo contrario, en 21 dos 35 programas oficiais de doutoramento avaliados na mostra a totalidade de persoas graduadas en estudos de terceiro ciclo posuían cidadanía española.

Cadro nº 52. Captación de talento internacional segundo o programa de doutoramento

	Nacional	Internacional
Análise Económica e Estratexia Empresarial	54,5	45,5
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	100,0	0,0
Bioteconoloxía Avanzada	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	0,0	100,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	75,0	25,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	75,0	25,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	83,3	16,7
Comunicación	100,0	0,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	66,7	33,3
Creatividade e Innovación Social e Sostible	100,0	0,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	100,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	75,0	25,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0
Enxeñaría Química	100,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	50,0	50,0
Estatística e Investigación Operativa	100,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	100,0	0,0
Estudos Lingüísticos	100,0	0,0
Estudos Literarios	100,0	0,0
Física Aplicada	100,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	66,7	33,3
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	83,3	16,7
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	66,7	33,3
Ordenación Xurídica do Mercado	66,7	33,3
Protección do Patrimonio Cultural	75,0	25,0
Química Teórica e Modelización Computacional	100,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	33,3	66,7
Tradución e Paratradución	100,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0	0,0

2.3.4 Idade

A idade media das persoas tituladas no curso 2020/2021 supera os 50 anos en Equidade e Innovación en Educación (56,50 anos), Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica (52,50 anos), Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica (51,17 anos) e Ordenación Xurídica do mercado (50,33 anos).

Polo contrario, a media da idade é menor en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria (30,00 anos), Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura (30,50 anos), Láser, Fotónica e Visión (30,67 anos), Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas (31,00 anos).

O rexistro de máxima idade (72 anos) produciuse entre as persoas graduadas en Análise Económica e Estratexia Empresarial, seguidos por 66 anos en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Cadro nº 53. Estatísticos de idade segundo o programa de doutoramento

	Media	Mediana	Desviación	Mínimo	Máximo
Análise Económica e Estratexia Empresarial	42,91	39,0	13,382	26	72
Biotecnoloxía Avanzada	32,00	32,0	1,871	30	35
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	38,63	33,5	12,235	30	66
Ciencia e Tecnoloxía Química	33,00	31,0	4,359	30	38
Ciencias da Educación e do Comportamento	39,75	34,5	11,587	33	57
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	35,25	31,0	9,179	30	49
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	39,17	39,0	4,708	34	45
Comunicación	41,40	46,0	8,961	29	50
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	40,67	38,0	11,240	31	53
Educación, Deporte e Saúde	38,25	36,5	5,439	34	46
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	30,50	30,5	0,707	30	31
Equidade e Innovación en Educación	56,50	56,5	2,121	55	58
Estatística e Investigación Operativa	37,50	37,5	2,121	36	39
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	40,00	42,0	8,185	31	47
Estudos Lingüísticos	35,75	34,0	5,679	31	44
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	31,50	31,5	0,707	31	32
Láser, Fotónica e Visión	30,67	30,0	1,155	30	32
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	36,50	35,5	6,348	30	45
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	31,00	31,0	0,000	31	31
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	47,33	47,0	9,504	38	57
Ordenación Xurídica do Mercado	50,33	50,0	11,504	39	62
Protección do Patrimonio Cultural	39,50	38,5	6,557	33	48
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	52,50	52,5	7,778	47	58
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	36,67	37,0	5,508	31	42
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	30,00	30,0	1,414	29	31
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	51,17	52,5	10,108	36	63

2.3.5 Lugar de residencia

A residencia fóra de Galicia abranxe todos os titulados/as en 5 dos 35 programas de doutoramento, ben como na maioría en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudábel e en Protección do Patrimonio Cultural (75,0% ambos), Neurociencia e Psicoloxía Clínica (66,7%), Biotecnoloxía Avanzada (60,0%) e en Análise Económica e Estratexia Empresarial (54,5%).

Reside en Galicia a maioría de persoas tituladas en 18 dos 35 títulos avaliados (a totalidade en 9). A morada no estranxeiro é maioritaria en Biotecnoloxía Avanzada (60,0%). Noutras comunidades autónomas reside a totalidade a metade en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudábel e en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria.

O Cadro nº 54 mostra a distribución porcentual do lugar de residencia das persoas tituladas que integran a mostra segundo o programa de doutoramento obtido no curso 2020/2021.

Cadro nº 54. Lugar de residencia segundo o programa de doutoramento

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Análise Económica e Estratexia Empresarial	45,5	9,1	45,5
Biotecnoloxía Avanzada	40,0	0,0	60,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	62,5	25,0	12,5
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0	0,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	50,0	25,0	25,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	50,0	25,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	50,0	0,0	50,0
Comunicación	80,0	0,0	20,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	66,7	0,0	33,3
Educación, Deporte e Saúde	50,0	0,0	50,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	50,0	0,0	50,0
Estatística e Investigación Operativa	50,0	0,0	50,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	66,7	0,0	33,3
Estudos Lingüísticos	100,0	0,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	50,0	50,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	66,7	33,3	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	66,7	0,0	33,3
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	50,0	0,0	50,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	33,3	33,3	33,3
Ordenación Xurídica do Mercado	66,7	0,0	33,3
Protección do Patrimonio Cultural	25,0	25,0	50,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicazóns	66,7	0,0	33,3
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	0,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	66,7	16,7	16,7

2.4 Perfil de ingreso

Este apartado analiza o perfil de ingreso dos titulados en estudos de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021, centrándose na modalidade de acceso a doutoramento e no ano de finalización da referida titulación.

Con carácter xeral para acceder a un programa oficial de doutoramento segundo o Real Decreto 99/2011 (modificado polo RD 576/2023), o candidato/a debe estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao (ou equivalente) e de mestrado universitario (ou equivalente) sempre que superaren, polo menos, 300 ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.

Así mesmo tamén se pode acceder nalgún dos seguintes supostos:

- Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou títulos españois equivalentes sempre que se superaren, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes ensinanzas e acreditar un nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES).
- Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), sen necesidade da súa homologación, que acredite un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións sempre que devandito título faculte para o acceso a estudos de doutoramento no país de expedición. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o interesado nin

- o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de doutoramento.
- Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alleos ao EEES, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Mestrado universitario e que faculta no país de expedición do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de doutoramento.
 - Estar en posesión doutro título de Doutora ou Doutor.
 - Igualmente poderán acceder os titulados universitarios que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superaren con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.

2.4.1 Resultados globais e por sexo

A maioría accedeu aos estudos de doutoramento logo despois de ter realizado estudos de grao e mestrado (64,9%), con diferenzas significativas entre mulleres (71,4%) e homes (56,3%). En segundo lugar, cun 21,6%, un titulado/a oficial con 300 ECTS de estudos universitarios, dos que 60 ECTS son de nivel de mestrado, dándose máis en homes (25,0%) que en mulleres (19,0%). A máis distancia, a partir dun grao de 300 ECTS ou máis (4,5%), outro título de doutoramento e titulados/as con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES (3,6% ambos) e dous anos de avaliación positiva en formación sanitaria especializada (1,8%).

Cadro nº 55. Modalidade de acceso a estudos de doutoramento

	%	Home	Muller
Dous anos de avaliación positiva en formación sanitaria especializada	1,8	2,1	1,6
Grao de 300 ECTS ou mais	4,5	6,3	3,2
Grao máis mestrado	64,9	56,3	71,4
Outro título de Doutor/a	3,6	6,3	1,6
Titulado/a oficial con 300 ECTS de estudos universitarios, dos que 60 ECTS son de nivel de mestrado	21,6	25,0	19,0
Titulados/as con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES	3,6	4,2	3,2

2.4.2 Modalidade de acceso segundo a procedencia

O talento internacional, ao igual que os nacionais, accedeu de forma maioritariamente aos estudos de doutoramento na UVigo através da disposición dun título de grao e mestrado (63,2% e 65,2%, respectivamente). Porén, é significativa a maior frecuencia de estudantes internacionais que accederon coa posesión doutro título de doutoramento e a partir dun título de grao de 300 ECTS ou máis (10,5% ambas). Nas persoas con cidadanía española foi máis frecuente o acceso a partir dun título oficial con 300 ECTS de estudos universitarios, dos cales 60 son de nivel de mestrado (22,8% contra 15,8% de internacionais) e, de forma exclusiva, a posesión de títulos con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES e de dous anos de avaliación positiva en formación sanitaria especializada.

Cadro nº 56. Modalidade de acceso segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Dous anos de avaliación positiva en formación sanitaria especializada	2,2	0,0
Grao de 300 ECTS ou mais	3,3	10,5
Grao máis mestrado	65,2	63,2
Outro título de Doutor/a	2,2	10,5
Titulado/a oficial con 300 ECTS de estudos universitarios, dos que 60 ECTS son de nivel de mestrado	22,8	15,8
Titulados/as con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES	4,3	0,0

2.4.3 Modalidade de acceso segundo a rama do coñecemento

Estar en posesión dun grao máis mestrado é maioritaria en todas as ramas do coñecemento, abranxendo da totalidade en Ciencia da Saúde, 81,3% en Artes e Humanidades e o mínimo de 51,3% na Xurídico-Social. A disposición dun título oficial con 300 ECTS de estudos universitarios (con 60 ECTS de mestrado) é máis frecuente na Xurídico-Social (25,6%) e Científica (23,5%) que en Ciencias da Saúde (0,0%) e Tecnolóxica (15,8%). No resto de modalidades é significativa a disposición dun título de grao de 300 ECTS ou máis na Xurídico-Social (10,3%), outro título de doutoramento e títulos con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES na Tecnolóxica (10,5% e 5,3%, respectivamente) e dous anos de avaliación positiva en formación sanitaria especializada na Científica (2,9%).

Cadro nº 57. Modalidade de acceso segundo a rama do coñecemento

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científica	Tecnolóxica	Xurídico-Social
Dous anos de avaliación positiva en formación sanitaria especializada	0,0	0,0	2,9	0,0	2,6
Grao de 300 ECTS ou mais	0,0	0,0	2,9	0,0	10,3
Grao máis mestrado	81,3	100,0	67,6	68,4	51,3
Outro título de Doutor/a	0,0	0,0	0,0	10,5	5,1
Titulado/a oficial con 300 ECTS de estudos universitarios, dos que 60 ECTS son de nivel de mestrado	18,8	0,0	23,5	15,8	25,6
Titulados/as con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES	0,0	0,0	2,9	5,3	5,1

2.4.4 Modalidade de acceso segundo o programa de doutoramento

O acceso aos estudos de doutoramento a partir da posesión dos títulos de grao e mestrado é maioritaria en 24 dos 35 programas de doutoramento avaliados (total en 15). A posesión dun título con 300 ECTS de estudos universitarios con 60 ECTS de nivel de mestrado foi maioritaria en Educación, Deporte e Saúde (75,0%) e en Biotecnoloxía Avanzada (60,0%) e metade en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión; Equidade e Innovación en Educación, Estudos Lingüísticos e en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñaría Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica.

No resto de modalidades é significativa a frecuencia da posesión dun título de grao de 300 ECTS ou máis en Ciencias da Educación e do Comportamento (25,0%) e en Análise Económica e Estratexia Empresarial (18,2%), outro título de doutoramento en Ordenación Xurídica do Mercado e en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (33,3% ambos), títulos con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES en metade de doutores/as en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñaría Electromagnética,

Electrónica, Informática e Mecánica e 20% en Biotecnoloxía Avanzada e en Comunicación.

Cadro nº 58. Modalidade de acceso segundo o programa de doutoramento

	Dous anos de avaliación positiva en formación sanitaria especializada	Grao de 300 ECTS ou máis	Grao máis mestrado	Outro título de Doutor/a	Titulado/a oficial con 300 ECTS de estudos universitarios (60 de mestrado)	Titulados/as con correspondencia recoñecida ao nivel 3 do MECES
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	18,2	63,6	0,0	18,2	0,0
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	0,0	20,0	0,0	60,0	20,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	0,0	0,0	87,5	0,0	12,5	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	25,0	75,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	0,0	50,0	0,0	25,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0
Comunicación	0,0	0,0	40,0	0,0	40,0	20,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	0,0	66,7	0,0	33,3	0,0
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0	25,0	0,0	75,0	0,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0
Estatística e Investigación Operativa	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Lingüísticos	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	0,0	0,0	66,7	0,0	33,3	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	16,7	16,7	66,7	0,0	0,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0	66,7	33,3	0,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	0,0	0,0	75,0	0,0	25,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	0,0	0,0	66,7	33,3	0,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	16,7	33,3	16,7	16,7	16,7

2.5 Universidade de procedencia

Este apartado localiza a universidade en que foi obtido o último título que permitiu o acceso aos estudos de doutoramento por parte das persoas tituladas que participaron neste estudo.

2.5.1 Resultados globais e por sexo

A maioría de titulados/as (51,4%) cursou os estudos de acceso ao doutoramento na UVigo, o 20,7% cursou os estudos de acceso nunha universidade do SUE, un 14,4% nunha universidade estranxeira e o 13,5% noutra universidade do SUG.

Cadro nº 59. Localización da universidade en que se obtivo a titulación de acceso

	%	Home	Muller
Española ²⁵	20,7	27,1	15,9
Estranxeira ²⁶	14,4	16,7	12,7
Galega ²⁷	13,5	8,3	17,5
UVigo	51,4	47,9	54,0

Por sexos é significativa a maior proporción de mulleres que realizaron os estudos de acceso na UVigo (54,0% contra 47,9% de homes) e noutra universidade galega (17,5% contra 8,3%), ben como a maior frecuencia de homes que completaron eses estudos nunha universidade española (27,1% contra 15,9%) e nunha universidade estranxeira (16,7% contra 12,7%).

Para máis informacións, o Anexo 7 mostra, por países de procedencia e comunidades autónomas, as universidades en que as persoas tituladas inquiridas realizaron os estudos previos de acceso ao doutoramento.

2.5.2 Localización da universidade segundo a procedencia

A localización da universidade dos estudos de acceso ao doutoramento na UVigo é diferente segundo a procedencia. A maioría do talento internacional captado pola UVigo (78,9%) estudou nunha universidade estranxeira, 10,5% nunha universidade do SUE e outro 10,5% no SUG, metade deles na propia UVigo.

Polo contrario, a maioría de estudantes de cidadanía española (60,9%) realizou os estudos de acceso na UVigo, noutra universidade do SUG e do SUE (15,2% ambos).

Cadro nº 60. Localización da universidade segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Estranxeira ²⁸	8,7	78,9
Española	15,2	10,5
Galega ²⁹	15,2	5,3
UVigo	60,9	5,3

2.5.3 Universidade de procedencia segundo a rama de coñecemento

Por ramas de coñecemento, cursou estudos de acceso ao doutoramento na UVigo a maioría de titulados/as nas ramas Tecnolóxica (57,9%), Artes e Humanidades (56,3%) e Científica (55,9%) contra o mínimo en Ciencias da Saúde (33,3%) e Xurídico-Social (43,6%).

²⁵ Comunidade de Madrid (50,0%), Asturias (12,5%), Andalucía, Cantabria, Cataluña, Comunidade Valenciana, Illas Baleares e Rexión de Murcia (6,3% cada unha).

²⁶ Portugal (43,5%), Ecuador (8,7%), Alemaña, Brasil, Chile, Cuba, Exipto, Grecia, Hungría, Italia, México, Reino Unido e Turquía.

²⁷ 100,0% cursou a titulación de acceso na Universidade de Santiago de Compostela (USC).

²⁸ Arxentina (41,2%), Venezuela (23,5%), Brasil, Colombia, Ecuador, México, Reino Unido e Uruguai (5,9% cada un).

²⁹ 60,0% cursou a titulación de acceso na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e 40,0% na Universidade da Coruña (UDC).

As ramas con máis titulados/as procedentes dunha universidade estranxeira son a Xurídico-Social (33,3%) e Tecnolóxica (26,3%) contra a nula en Ciencias da Saúde e 8,8% na Científica. A maior porcentaxe de titulados/as procedentes doutra universidade do SUG deuse en Ciencias da Saúde (33,3%) e Artes e Humanidades (25,0%). É significativa a maior porcentaxe de titulados/as procedentes dunha universidade española en Ciencias da Saúde (33,3%) e Científica (20,6%).

Cadro nº 61. Universidade de procedencia segundo a rama de coñecemento do programa de doutoramento

	Estranxeiro	Española	Galega	UVigo
Artes e Humanidades	12,5	6,3	25,0	56,3
Ciencias da Saúde	0,0	33,3	33,3	33,3
Científico	8,8	20,6	14,7	55,9
Tecnolóxico	26,3	10,5	5,3	57,9
Xurídico-Social	33,3	12,8	10,3	43,6

1. Estudos de doutoramento na UVigo

1.1 Maneira de realizar o doutoramento

O cuestionario aplicado incluíu un ítem sobre o tipo de traballo realizado durante os estudos de doutoramento relativamente a se foi de maneira independente ou dentro dun grupo de investigación ou misto.

1.1.1 Resultados globais e por sexo

A maioría (51,4%) de doutores/as inquiridos realizou a tese nun grupo de investigación sen mostrar diferenzas significativas por sexo (p -valor $>0,05$).

Cadro nº 62. Maneira de realizar o doutoramento

	%	Home	Muller
Maioritariamente dentro dun grupo de investigación	51,4	52,1	50,8
Maioritariamente de maneira independente	48,6	47,9	49,2

1.1.2 Maneira de realizar o doutoramento segundo a procedencia

O traballo nun grupo de investigación foi máis frecuente nos doutores/as estranxeiros (57,9%) que nos de cidadanía español (50,0%).

Cadro nº 63. Maneira de realizar o doutoramento

	Nacional	Internacional
Maioritariamente dentro dun grupo de investigación	50,0	42,1
Maioritariamente de maneira independente	50,0	57,9

1.1.3 Maneira de realizar o doutoramento segundo a rama de coñecemento

Obsérvanse diferenzas significativas segundo a rama de coñecemento (p -valor $<0,05$). Así sendo, mentres que na Tecnolóxica e Científica a maioría de doutores/as integrou un grupo de investigación (84,2% e 79,4%, respectivamente), en Artes e Humanidades, Xurídico-Social e Ciencias da Saúde foi unha minoría de 18,8%, 25,6% e 33,3%, respectivamente.

Cadro nº 64. Maneira de realizar os estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento

	Grupo de investigación	Independente
Artes e Humanidades	18,8	81,3
Ciencias da Saúde	33,3	66,7
Científico	79,4	20,6
Tecnolóxico	84,2	15,8
Xurídico-Social	25,6	74,4

1.1.4 Maneira de realiza o doutoramento segundo o programa realizado

O traballo nun grupo de investigación das persoas tituladas no curso 2020/2021 foi maioritario en 19 dos 35 programas avaliados (total en 9), ben como en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (83,3%), Biotecnoloxía Avanzada (80,0%), Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudábel (75,0% ambos), Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión; Ordenación Xurídica do Mercado e en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (66,7% cada un). Polo contrario, a investigación de forma maioritariamente independente foi maioritaria en 14 programas de doutoramento (total en 10).

Cadro nº 65. Maneira de realizar os estudos de doutoramento segundo o programa realizado

	Grupo	Independente
Análise Económica e Estratexia Empresarial	18,2	81,8
Biotecnoloxía Avanzada	80,0	20,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	75,0	25,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	50,0	50,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	75,0	25,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	66,7	33,3
Comunicación	0,0	100,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	100,0
Educación, Deporte e Saúde	25,0	75,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	0,0	100,0
Estatística e Investigación Operativa	50,0	50,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	100,0
Estudos Lingüísticos	25,0	75,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	100,0	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	83,3	16,7
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	100,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	33,3	66,7
Ordenación Xurídica do Mercado	66,7	33,3
Protección do Patrimonio Cultural	100,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	66,7	33,3
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	100,0

1.2 Tipo de investigación

As persoas tituladas que participaron no estudo foron inquiridas se durante a realización da súa tese realizaron traballos de carácter experimental, de laboratorio ou empírico (cuestionarios, entrevistas, datos secundarios...) ou só de carácter teórico.

1.2.1 Resultados globais e por sexo

Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0

4. Situación actual

Para avaliar a actividade socio-laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 os antigos estudantes que responderon a enquisa tiveron que escoller a categoría que preferentemente defínese a súa situación actual; isto é, no momento de responder o cuestionario proposto.

As categorías incluídas neste ítem abarcan aspectos ligados á situación do mercado de traballo: emprego (traballo por conta allea na empresa privada, funcionario/traballo para a administración pública, traballador/a autónomo/a, empresario/a ou titular dunha empresa, baixa/excedencia laboral), desemprego ou persoas que procuran emprego e inactividade (xubilado/pensionista ou con invalidez, cursa estudos universitarios, prepara oposicións e coidado familiar).

Adicionalmente, unha pregunta dicotómica relativa a se as persoas tituladas inquiridas estaban a traballar no momento de responder a enquisa permitiu identificar as situacións de conciliación do traballo coa continuación de estudos e/ou coa preparación de oposicións.

4.1 Situación socio-laboral

4.1.1 Resultados globais

No momento de responder a enquisa a inmensa maioría (95,5%) estaba a traballar⁴¹ o 2,7% a procurar emprego e o restante 1,8% inactivo⁴².

Cadro nº 111. Situación do mercado de traballo actual

	%
Emprego	95,5
Desemprego	2,7
Inactividade	1,8

Segundo mostra o Cadro nº 112 a situación máis frecuente entre as persoas tituladas inquiridas é o traballo en exclusiva (94,6%), destacando o emprego por conta allea no sector público (61,3%) e na empresa privada (27,9%) sobre o autoemprego/traballo autónomo (5,4%). Un 0,9% concilia o traballo cos estudos.

O 1,8% de persoas inactivas distribúense equitativamente entre aquelas que estudan a tempo completo e só opositan.

Cadro nº 112. Situación socio-laboral actual segundo as categorías avaliadas

		%
Emprego	Emprego no sector público ou como funcionario/a	61,3
	Emprego por conta allea na empresa privada	27,9
	Traballador/a autónomo/a	5,4
	Estuda e traballa	0,9
Desemprego	Desempregado/a, procurando emprego	2,7
Inactividade	Estuda a tempo completo	0,9
	Prepara oposicións a tempo completo	0,9

⁴¹ Suma da porcentaxe de persoas tituladas que traballan por conta allea na empresa privada e no sector público, empresarios/as (titulares dunha empresa), traballadores/as autónomos/as, estudan e traballan, preparan oposicións e traballan e de baixa/excedencia laboral.

⁴² Suma da porcentaxe de persoas tituladas que estudan e/ou preparan oposicións a tempo completo, están ao coidado familiar ou están xubiladas, pensionistas ou con invalidez.

4.1.2 Situación socio-laboral actual segundo o sexo

Por sexo, segundo mostra o Cadro nº 113, a taxa de ocupación masculina é total e significativamente superior á feminina (92,1%), entre as cales o desemprego é do 4,8% e a taxa de inactividade do 3,2%.

Cadro nº 113. Situación do mercado de traballo segundo o sexo

	Home	Muller
Emprego	100,0	92,1
Desemprego	0,0	4,8
Inactividade	0,0	3,2

Na comparativa por sexo, consoante reflicte o Cadro nº 114, entre as persoas ocupadas é significativa a maior proporción de homes que traballan como autónomos (8,3% contra 3,2%), sen diferenzas significativas nos empregos por conta allea no sector público e na empresa privada. A conciliación do traballo cos estudos é exclusiva dos homes (2,1%).

A inactividade feminina (3,2%) distribúese equitativamente entre os estudos e a preparación de oposicións a tempo completo.

Cadro nº 114. Situación socio-laboral actual segundo o sexo

		Home	Muller
Emprego	Emprego no sector público ou como funcionario/a	62,5	60,3
	Emprego por conta allea a empresa privada	27,1	28,6
	Traballador/a autónomo/a	8,3	3,2
	Estuda e traballa	2,1	0,0
Desemprego	Desempregado/a, procurando emprego	0,0	4,8
Inactividade	Estuda a tempo completo	0,0	1,6
	Prepara oposicións a tempo completo	0,0	1,6

4.1.3 Situación socio-laboral actual segundo o lugar a procedencia

Sen diferenzas na taxa de ocupación, o desemprego é exclusivo dos doutores/as con cidadanía española (3,3%), afectando a inactividade máis aos doutores/as internacionais (5,3%) que aos nacionais (1,1%).

Cadro nº 115. Situación do mercado de traballo segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Emprego	95,7	94,7
Desemprego	3,3	0,0
Inactividade	1,1	5,3

Na comparativa por procedencia, consoante reflicte o Cadro nº 116, entre as persoas con cidadanía española é significativa a maior proporción de persoas que traballan por conta allea no sector público (63,0% contra 52,6%) e de doutores/as internacionais empregados na empresa privada (31,6% contra 27,2%) e a conciliación do traballo cos estudos (5,3% contra 0,0%).

No tocante á inactividade, mentres que a realización de estudos a tempo completo é exclusiva nos internacionais (5,3%) a preparación de oposicións a tempo completo só se deu nos nacionais (1,1%).

Cadro nº 116. Situación socio-laboral actual segundo a procedencia

		Nacional	Internacional
Emprego	Emprego no sector público ou como funcionario/a	63,0	52,6
	Emprego por conta allea na empresa privada	27,2	31,6
	Traballador/a autónomo/a	5,4	5,3
	Estuda e traballa	0,0	5,3
Desemprego	Desempregado/a, procurando emprego	3,3	0,0
Inactividade	Estuda a tempo completo	0,0	5,3
	Prepara oposicións a tempo completo	1,1	0,0

4.1.4 Situación socio-laboral actual segundo o lugar de residencia

A situación de emprego é total no estranxeiro e noutras comunidades autónomas, atinxindo 92,3% en Galicia, única área xeográfica con rexistros de desemprego (4,6%) e inactividade (3,1%).

Cadro nº 117. Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Emprego	92,3	100,0	100,0
Desemprego	4,6	0,0	0,0
Inactividade	3,1	0,0	0,0

Mentres que o emprego no sector público é mais frecuente no estranxeiro (75,0%) que noutras comunidades autónomas (57,1%) e en Galicia (55,4%), o emprego por conta allea na empresa privada é maior noutras comunidades autónomas (35,7%) e en Galicia (30,8%) que no estranxeiro (18,8%). O emprego por conta propia só se rexistrou, con porcentaxes semellantes, en Galicia e no estranxeiro (6,2% e 6,3%, respectivamente). A conciliación do traballo cos estudos é exclusivo noutras comunidades autónomas (7,1%).

O segmento de inactividade é exclusivo en Galicia, distribuíndose a partes iguais entre estudantes e opositores/as a tempo completo.

Cadro nº 118. Situación socio-laboral actual segundo o lugar de residencia

		Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Emprego	Emprego por conta allea no sector público	55,4	57,1	75,0
	Emprego por conta allea na empresa privada	30,8	35,7	18,8
	Traballador/a autónomo/a	6,2	0,0	6,3
	Estuda e traballa	0,0	7,1	0,0
Desemprego	Desempregado/a	4,6	0,0	0,0
Inactividade	Só estuda	1,5	0,0	0,0
	Só oposita	1,5	0,0	0,0

4.1.4.1 Situación socio-laboral actual das persoas tituladas residentes en Galicia

4.1.4.1.1 Provincias

A ocupación é máis alta en Pontevedra (93,3%) e A Coruña (91,7%) que en Ourense (87,5%), onde a taxa de inactividade atinxe 12,5%.

Cadro nº 119: Situación do mercado de traballo en Galicia por provincias

	A Coruña	Ourense	Pontevedra
Emprego	91,7	87,5	93,3
Desemprego	8,3	0,0	4,4
Inactividade	0,0	12,5	2,2

Unha análise das categorías socio-laborais permite constatar que o emprego por conta allea no sector público é significativamente maior en Ourense (87,5%) que na Coruña (50,0%) e Pontevedra (51,1%). O emprego na empresa privada é máis frecuente en Pontevedra (35,6%) e A Coruña (33,3%) e nulo en Ourense. O emprego por conta propia é máis frecuente na Coruña (8,3%) e Pontevedra (6,7%) e nulo en Ourense.

Non se registrou inactividade nos residentes na Coruña, cunha notábel presenza de persoas que preparan oposicións a tempo completo en Ourense (12,5%).

Cadro nº 120: Situación socio-laboral en Galicia por provincias

		A Coruña	Ourense	Pontevedra
Emprego	Emprego por conta allea no sector público	50,0	87,5	51,1
	Emprego por conta allea na empresa privada	33,3	0,0	35,6
	Traballador/a autónomo/a	8,3	0,0	6,7
	Estuda e traballa	0,0	0,0	0,0
Desemprego	Desempregado/a	8,3	0,0	4,4
Inactividade	Só estuda	0,0	0,0	2,2
	Só oposita	0,0	12,5	0,0

4.1.4.1.2 Concellos

O Anexo 8 mostra a distribución porcentual da situación actual do mercado de traballo das persoas graduadas en doutoramento segundo o concello de residencia. Máis especificamente, o Anexo 9 reflicte o cadro coa distribución porcentual das diferentes categorías socio-laborais.

4.1.4.2 Situación socio-laboral actual das persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

A ocupación é total nas 7 comunidades autónomas con presenza de graduados/as en estudos de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021.

Cadro nº 121: Situación do mercado de traballo noutras comunidades autónomas

	Emprego	Desemprego	Inactividade
Andalucía	100,0	0,0	0,0
Cantabria	100,0	0,0	0,0
Castela e León	100,0	0,0	0,0
Cataluña	100,0	0,0	0,0
Comunidade de Madrid	100,0	0,0	0,0
Comunidade Valenciana	100,0	0,0	0,0
País Basco	100,0	0,0	0,0

Máis detalladamente, o Cadro nº 122 mostra a situación socio-laboral actual das persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas.

Cadro nº 122. Situación socio-laboral actual noutras comunidades autónomas

	Andalucía	Cantabria	Castela e León	Cataluña	Comunidade de Madrid	Comunidade Valenciana	País Basco
Emprego no sector público ou como funcionario/a	100,0	0,0	25,0	50,0	100,0	100,0	50,0
Emprego por conta allea na empresa/entidade privada	0,0	100,0	75,0	0,0	0,0	0,0	50,0
Traballador/a autónomo/a	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estuda e traballa	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Desempregado/a procurando emprego	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Só estuda	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Só oposita	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

4.1.4.3 Situación socio-laboral actual das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países

A ocupación, tal como mostra o Cadro nº 123, é total nos 14 países avaliados con presenza de graduados/as en doutoramento da UVigo no curso 2020/2021.

Cadro nº 123. Situación do mercado de traballo actual no resto do mundo por países

	Emprego	Desemprego	Inactividade
Alemaña	100,0	0,0	0,0
Bélxica	100,0	0,0	0,0
Brasil	100,0	0,0	0,0
Canadá	100,0	0,0	0,0
Chile	100,0	0,0	0,0
Ecuador	100,0	0,0	0,0
Estonia	100,0	0,0	0,0
EUA	100,0	0,0	0,0
Francia	100,0	0,0	0,0
Grecia	100,0	0,0	0,0
Italia	100,0	0,0	0,0
Portugal	100,0	0,0	0,0
Suecia	100,0	0,0	0,0
Suíza	100,0	0,0	0,0

Máis detalladamente, o Cadro nº 124 mostra a distribución porcentual das categorías socio-laborais avaliadas por países. Mentres que o emprego no sector público é total en 10 dos 14 países avaliados, o emprego na empresa privada é maioritario en Ecuador e EUA (66,7% ambos), metade en Italia e 7,1% en Portugal. A conciliación do traballo cos estudos deuse nos EUA (33,3%) e Portugal (7,1%).

Cadro nº 124. Situación socio-laboral actual no resto do mundo por países

	Emprego no sector público	Emprego na empresa privada	Estuda e traballa
Alemaña	100,0	0,0	0,0
Bélxica	100,0	0,0	0,0
Brasil	100,0	0,0	0,0
Canadá	100,0	0,0	0,0
Chile	100,0	0,0	0,0
Ecuador	33,3	66,7	0,0
Estonia	100,0	0,0	0,0
EUA	0,0	66,7	33,3

Francia	100,0	0,0	0,0
Grecia	100,0	0,0	0,0
Italia	50,0	50,0	0,0
Portugal	85,7	7,1	7,1
Suecia	100,0	0,0	0,0
Suíza	100,0	0,0	0,0

4.1.5 Situación socio-laboral actual segundo a rama de coñecemento

A taxa de ocupación é total en Artes e Humanidades e Ciencias da Saúde, seguida pola Xurídico-Social (94,9%), Tecnolóxica (94,7%) e Científica (94,1%). O desemprego afecta máis na Tecnolóxica (5,3%) que na Xurídico-Social (2,6%) e Científica (2,9%). Rexistraron inactividade as ramas Científica (2,9%) e Xurídico-Social (2,6%).

Cadro nº 125. Situación socio-laboral actual segundo a rama de coñecemento

	Emprego	Desemprego	Inactividade
Artes e Humanidades	100,0	0,0	0,0
Ciencias da Saúde	100,0	0,0	0,0
Científico	94,1	2,9	2,9
Tecnolóxico	94,7	5,3	0,0
Xurídico-Social	94,9	2,6	2,6

O Cadro nº 126 mostra as categorías socio-laborais segundo a rama de coñecemento. O emprego na empresa privada apenas é maioritario entre as persoas tituladas da rama Tecnolóxica (52,6%), atinxindo o emprego no sector público á maioría nas ramas Científica (70,6%), Ciencias da Saúde (66,7%), Xurídico-Social (64,1%) e Artes e Humanidades (56,3%). Apenas se rexistrou autoemprego nas persoas tituladas en Artes e Humanidades (18,8%) e Xurídico-Social (7,7%). A conciliación do traballo cos estudos é exclusiva da Científica (2,9%).

No estado de inactividade destaca a proporción de titulados/as que só estudan na Xurídico-Social (2,6%) e a de opositores a tempo completo na Científica (2,9%).

Cadro nº 126. Situación socio-laboral actual segundo a rama de coñecemento

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Emprego no sector público	56,3	66,7	70,6	42,1	64,1
Emprego na empresa privada	25,0	33,3	20,6	52,6	23,1
Autoemprego	18,8	0,0	0,0	0,0	7,7
Estuda e traballa	0,0	0,0	2,9	0,0	0,0
Desemprego	0,0	0,0	2,9	5,3	2,6
Só estuda	0,0	0,0	0,0	0,0	2,6
Só oposita	0,0	0,0	2,9	0,0	0,0

4.1.5.1 Situación socio-laboral actual segundo a rama de coñecemento por sexo

A taxa de ocupación masculina é total en todas as ramas, ben como a feminina en Artes e Humanidades e Ciencias da Saúde, contra a mínima na Tecnolóxica (83,3%), onde o desemprego afecta a 16,7% de mulleres inquiridas, ben como ao 4,5% na Científica e 4,3% na Xurídico-Social. A inactividade só afecta ás mulleres da rama Científica (4,5%) e Xurídico-Social (4,3%).

O Cadro nº 127 mostra a situación do mercado de traballo no momento de responder a enquisa segundo a rama de coñecemento por sexo.

Cadro nº 127. Situación do mercado de traballo actual segundo a rama de coñecemento por sexo

	Emprego		Desemprego		Inactividade	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Artes e Humanidades	100,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias da Saúde	100,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Científico	100,0	90,9	0,0	4,5	0,0	4,5
Tecnolóxico	100,0	83,3	0,0	16,7	0,0	0,0
Xurídico-Social	100,0	91,3	0,0	4,3	0,0	4,3

Adicionalmente, o Cadro nº 128 mostra a distribución porcentual das categorías da situación socio-laboral actual segundo a rama de coñecemento por sexo.

Cadro nº 128. Situación socio-laboral actual segundo a rama de coñecemento por sexo

	Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Científico		Tecnolóxico		Xurídico-Social	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Emprego no sector público	33,3	70,0	100,0	50,0	83,3	63,6	46,2	33,3	68,8	60,9
Emprego na empresa privada	33,3	20,0	0,0	50,0	8,3	27,3	53,8	50,0	18,8	26,1
Autoemprego	33,3	10,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	12,5	4,3
Estuda e traballa	0,0	0,0	0,0	0,0	8,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Desemprego	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	4,5	0,0	16,7	0,0	4,3
Só estuda	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	4,3
So oposita	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	4,5	0,0	0,0	0,0	0,0

4.1.6 Situación socio-laboral actual segundo o programa de doutoramento

A taxa de ocupación é total en 30 dos 35 programas oficiais de doutoramento avaliados neste estudo, superando o 80% en Análise Económica e Estratexia Empresarial (90,9%), Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (87,5%) e en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica (83,3%), seguido por Ciencia e Tecnoloxía Química (66,7%) e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria (50,0%).

O desemprego é nulo en 32 dos 35 programas avaliados, afectando á metade en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria, un terzo en Ciencia e Tecnoloxía Química e 16,7% en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica.

A inactividade apenas afecta a 12,5% en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e 9,1% en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

Cadro nº 129: Situación do mercado de traballo actual segundo o programa de doutoramento

	Emprego	Desemprego	Inactividade
Análise Económica e Estratexia Empresarial	90,9	0,0	9,1
Bioteconoloxía Avanzada	100,0	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	87,5	0,0	12,5
Ciencia e Tecnoloxía Química	66,7	33,3	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	100,0	0,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	100,0	0,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	100,0	0,0	0,0
Comunicación	100,0	0,0	0,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	100,0	0,0	0,0

Educación, Deporte e Saúde	100,0	0,0	0,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	100,0	0,0	0,0
Estatística e Investigación Operativa	100,0	0,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	100,0	0,0	0,0
Estudos Lingüísticos	100,0	0,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	0,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	100,0	0,0	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	100,0	0,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	100,0	0,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	0,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	100,0	0,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	100,0	0,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	50,0	50,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	83,3	16,7	0,0

Máis pormenorizadamente o Cadro nº 130 mostra a distribución porcentual das categorías da situación socio-laboral actual das persoas tituladas segundo o programa de doutoramento realizado na UVigo no curso 2020/2021.

Así sendo, o emprego no sector público é maioritario en 21 dos 31 programas de doutoramento avaliados (total en 13), atinxindo 75,0% en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria, 66,7% en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida, Neurociencia e Psicoloxía Clínica e en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica, 60,0% en Comunicación e 54,5% en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

O emprego por conta allea nunha empresa/entidade privada é maioritario en 13 dos 35 programas avaliados (total en 7), ben como no 75,0% en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudábel e en Protección do Patrimonio Cultural e 66,7% en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.

O traballo no réxime autónomo é total en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, ben como no 20,0% en Comunicación e 18,2% en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

O estudo a tempo completo abranxe 9,1% de graduados/as en Análise Económica e Estratexia Empresarial e a preparación de oposicións a tempo completo ao 12,5% en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Cadro nº 130: Situación socio-laboral actual segundo o programa de doutoramento

	Emprego no sector público	Emprego na empresa privada	Autoemprego	Estuda e traballa	Desemprego	Só estuda	Só oposita
Análise Económica e Estratexia Empresarial	54,5	18,2	18,2	0,0	0,0	9,1	0,0
Bioteconoloxía Avanzada	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	75,0	12,5	0,0	0,0	0,0	0,0	12,5

Ciencia e Tecnoloxía Química	33,3	33,3	0,0	0,0	33,3	0,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	75,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Comunicación	60,0	20,0	20,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estadística e Investigación Operativa	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Lingüísticos	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	25,0	75,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	33,3	66,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	66,7	16,7	0,0	0,0	16,7	0,0	0,0

4.1.6.1 Situación socio-laboral actual segundo o programa de doutoramento por sexo

Adicionalmente, os Anexos 10 e 11 mostran, respectivamente, a distribución porcentual do mercado de traballo e da situación socio-laboral actual segundo o programa de doutoramento realizados por sexo.

4.2 Tempo de procura de emprego

4.2.1 Resultados globais e por sexo

O tempo de procura de emprego dos titulados/as en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 que estaban desempregados/as na altura de responder a enquisa é de 1,33 meses, véndose afectadas por esta situación somente as mulleres.

Por intervalos de tempo, a totalidade de mulleres desempregadas no momento de responder a enquisa estaba a procurar emprego nos últimos seis meses, non estando ningunha delas afectada, portanto, por desemprego de longa ou moi longa duración.

Cadro nº 131. Tempo de procura de emprego

	%	Home	Muller
0-6 meses	100,0	-	100,0
6-12 meses	0,0	-	0,0
12-18 meses	0,0	-	0,0
18-24 meses	0,0	-	0,0
24-30 meses	0,0	-	0,0
Máis de 30 meses	0,0	-	0,0
Tempo medio (meses)	1,33	-	1,33
Desviación	1,528	-	1,528

4.2.2 Tempo de procura de emprego segundo a procedencia

O desemprego apenas afecta ás mulleres con cidadanía española, identificándose cos parámetros temporais referidos no apartado anterior.

4.2.3 Tempo de procura de emprego segundo o lugar de residencia

Apenas se rexistrou desemprego entre as mulleres residentes en Galicia, correspondendo as referidas variábeis temporais a esta área xeográfica.

4.2.3.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

Somente se rexistrou desemprego nas graduadas en doutoramento residentes na Coruña e Pontevedra, distribuíndose nun terzo e dous terzos, respectivamente.

Cadro nº 132: Tempo de procura de emprego en Galicia por provincias

	A Coruña	Pontevedra
0-6 meses	100,0	100,0
6-12 meses	0,0	0,0
12-18 meses	0,0	0,0
18-24 meses	0,0	0,0
24-30 meses	0,0	0,0
Máis de 30 meses	0,0	0,0
Tempo medio (meses)	-	2,00
Desviación	-	1,414

4.2.4 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

Apenas se rexistrou desemprego entre as graduadas en doutoramento das ramas Científica, Tecnolóxica e Xurídico-Social. O Cadro nº 133 mostra os parámetros temporais.

Cadro nº 133. Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

	Científica	Tecnolóxica	Xurídico-Social
0-6 meses	100,0	100,0	100,0
Meses	3,00	0,00	1,00

4.2.5 Tempo de procura de emprego segundo o programa de doutoramento

Somente se viron afectadas polo desemprego as graduadas en doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química; Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enxeñaría e Industria e en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica, coas seguintes variábeis temporais.

Cadro nº 134. Tempo de procura de emprego segundo o programa de doutoramento

	0-6 meses	Meses	Desviación
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0	3,00	-
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	0,00	-
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0	1,00	-

4.3 Experiencia laboral após acabar os estudos de doutoramento

Para determinar a experiencia laboral após completar os estudos de doutoramento as persoas tituladas participantes foron inquiridas, cunha pregunta dicotómica, se traballaron algunha vez desde a finalización dos seus estudos de terceiro ciclo da UVigo no curso 2020/2021.

4.3.1 Resultados globais e por sexo

Do total de inquiridos/as, o 96,4% tivo algunha experiencia profesional despois de obter o título de doutoramento na UVigo no curso 2020/2021, sendo levemente superior a masculina (97,9%) á feminina (95,2%).

Cadro nº 135. Experiencia laboral após os estudos de doutoramento

	%	Home	Muller
Si (con experiencia)	96,4	97,9	95,2
Nunca traballou (sen experiencia)	3,6	2,1	4,8

4.3.2 Experiencia laboral segundo a procedencia

A experiencia é maior nos graduados/as en doutoramento con cidadanía española (98,9%) que nos internacionais (84,2%).

Cadro nº 136. Experiencia laboral após os estudos de doutoramento segundo a procedencia

	Experiencia
Nacional	98,9
Internacional	84,2

4.3.3 Experiencia laboral segundo o lugar de residencia

A experiencia é total nos residentes noutras comunidades autónomas, superando levemente o estranxeiro (96,9%) a Galicia (95,4%).

Cadro nº 137. Experiencia laboral após os estudos de doutoramento segundo o lugar de residencia

	Experiencia
Galicia	95,4
Outra comunidade autónoma	100,0
Resto do mundo	96,9

4.3.4 Experiencia laboral segundo a rama de coñecemento

A experiencia laboral logo dos estudos de doutoramento realizados na UVigo no curso 2020/2021 é total en Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde e Tecnolóxica contra a Xurídico-Social (92,3%) e Científica (97,1%).

Cadro nº 138. Experiencia laboral após os estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento

	Experiencia
Artes e Humanidades	100,0
Ciencias da Saúde	100,0
Científico	97,1
Tecnolóxico	100,0
Xurídico-Social	92,3

4.3.4.1 Experiencia laboral segundo a rama de coñecemento por sexo

A experiencia profesional é total entre os graduados en todas as ramas de coñecemento, salvo na Xurídico-Social (93,8%), superando en todos os casos á feminina.

Cadro nº 139. Experiencia laboral após os estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento por sexo

	Experiencia home	Experiencia muller
Artes e Humanidades	100,0	100,0
Ciencias da Saúde	100,0	100,0
Científico	100,0	95,5
Tecnolóxico	100,0	100,0
Xurídico-Social	93,8	91,3

4.3.5 Experiencia laboral segundo o programa de doutoramento

A experiencia laboral logo de acabar os estudos na UVigo no curso 2020/2021, segundo mostra o Cadro nº 140, é total en 32 dos 35 programas oficiais de doutoramento avaliados, salvo en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (87,5%), Análise Económica e Estratexia Empresarial (81,8%) e en Educación, Deporte e Saúde (75,0%).

Cadro nº 140. Experiencia laboral após os estudos de doutoramento realizados

	Experiencia
Análise Económica e Estratexia Empresarial	81,8
Biotecnoloxía Avanzada	100,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	87,5
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	100,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	100,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	100,0
Comunicación	100,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	100,0
Educación, Deporte e Saúde	75,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0
Equidade e Innovación en Educación	100,0
Estatística e Investigación Operativa	100,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	100,0
Estudos Lingüísticos	100,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0
Láser, Fotónica e Visión	100,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	100,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	100,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0
Protección do Patrimonio Cultural	100,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	100,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0

4.3.5.1 Experiencia laboral segundo o programa de doutoramento por sexo

A experiencia laboral masculina supera á feminina en Análise Económica e Estratexia Empresarial (100,0% contra 50,0%) e en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (100,0% contra 83,3%). Polo contrario, a feminina é superior en Educación, Deporte e Saúde (100,0% contra 50,0%).

Cadro nº 141: Experiencia após os estudos de doutoramento realizados por sexo

	Experiencia home	Experiencia muller
Análise Económica e Estratexia Empresarial	100,0	50,0
Bioteconoloxía Avanzada	100,0	100,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	100,0	83,3
Ciencia e Tecnoloxía Química	-	100,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	-	100,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	100,0	100,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	100,0	100,0
Comunicación	100,0	100,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	100,0	100,0
Educación, Deporte e Saúde	50,0	100,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	s/e
Equidade e Innovación en Educación	-	100,0
Estadística e Investigación Operativa	-	100,0
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	s/e	100,0
Estudios Lingüísticos	s/e	100,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	-
Láser, Fotónica e Visión	100,0	s/e
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	100,0	100,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	-
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	s/e	100,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	100,0
Protección do Patrimonio Cultural	100,0	100,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	-
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	100,0	100,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	s/e
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0	100,0

4.4 Tempo en arranxar emprego

As persoas graduadas con experiencia laboral foron inquiridas polo tempo demorado (en meses) entre a finalización dos estudos de doutoramento no curso 2020/2021 e o arranxo de emprego.

4.4.1 Resultados globais e por sexo

Considerando 0 meses o tempo en arranxar emprego dos titulados/as que xa traballaban na altura de acabar os estudos de doutoramento, o tempo medio (en meses) transcorrido desde a finalización do doutoramento no curso 2020/2021 foi de 1,88 meses, sendo máis alto en mulleres (2,03 meses) que en homes (1,68 meses).

Por intervalos de tempo, tal como mostra o Cadro nº 142, a maioría (63,6%) de persoas tituladas xa traballaba antes de acabar os estudos de doutoramento no curso 2020/2021. Unha maioría de 96,3% arranxou emprego no primeiro ano: 83,2% nos primeiros tres meses e 91,6% nos primeiros seis meses. O 1,9% tivo un desemprego de longa duración e un 1,9% de moi longa duración.

Por sexo é maior a proporción de homes (66,0% contra 61,7%) que xa traballaban antes de completar os estudos de doutoramento. É levemente maior a frecuencia de homes que arranxaron emprego antes do primeiro ano (97,9% contra 95,0%), duplicando a proporción de mulleres que demoraron máis dun en arranxar emprego logo de saír da UVigo en 2020/2021 (5,0% contra 2,1%).

Cadro nº 142: Tempo en arranxar emprego

	%	Home	Muller
Xa traballaba	63,6	66,0	61,7
1-3 meses	19,6	21,3	18,3
3-6 meses	8,4	8,5	8,3
6-12 meses	4,7	2,1	6,7
1-2 anos	1,9	0,0	3,3
Máis de 2 anos	1,9	2,1	1,7
Tempo medio⁴³ (meses)	1,88	1,68	2,03
Desviación	4,568	4,792	4,418

Excluídas as persoas que traballaban no momento de acabar o doutoramento; isto é, retirando do cálculo os titulados/as que demoraron cero meses en arranxar emprego, o tempo medio (en meses) en arranxar emprego aumenta até os 5,24 meses, sendo superior en mulleres (5,45 meses) que en homes (4,94 meses).

Por intervalos de tempo, a maioría (89,7%) arranxou emprego no primeiro ano: a maioría (53,8%) nos primeiros tres meses e 76,9% nos primeiros seis meses. Antes de arranxar emprego o desemprego de longa duración⁴⁴ afectou ao 5,1% e o de moi longa duración⁴⁵ tamén ao 5,1%

Por sexo, antes do primeiro ano os homes arranxaron emprego en maior proporción que as mulleres (93,8% contra 87,0%), con máis mulleres que demoraron entre un e dous anos en arranxar o primeiro emprego (8,7% contra 0,0%) e máis homes afectados por desemprego de moi longa duración (6,3% contra 4,3%).

⁴³ Cálculo do tempo medio considerando 0 meses para o caso dos que xa traballaban antes.

⁴⁴ Desemprego superior a 12 meses.

⁴⁵ Desemprego superior a 24 meses.

Cadro nº 143: Tempo en arranxar emprego (excluídos os que traballaban ao acabar o doutoramento)

	%	Home	Muller
1-3 meses	53,8	62,5	47,8
3-6 meses	23,1	25,0	21,7
6-12 meses	12,8	6,3	17,4
1-2 anos	5,1	0,0	8,7
Máis de 2 anos	5,1	6,3	4,3
Tempo medio (meses)	5,24	4,94	5,45
Desviación	6,415	7,298	5,861

4.4.2 Tempo en arranxar emprego segundo a procedencia

O tempo medio en arranxar emprego das persoas con cidadanía española (1,96 meses) supera aos estudantes internacionais (1,47 meses). Porén, é significativamente maior a proporción de doutores/as con cidadanía española que xa traballaba antes de acabar os estudos de terceiro ciclo (65,6% contra 56,3%).

É levemente maior a frecuencia de doutores/as con cidadanía española que arranxou emprego antes do primeiro ano (96,7% contra 93,8%), triplicando a proporción de doutores/as internacionais que demoraron máis dun ano en arranxar emprego logo de saír da UVigo en 2020/2021 (6,3% contra 3,3%).

Cadro nº 144: Tempo en arranxar emprego segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Xa traballaba	65,6	56,3
1-3 meses	18,9	18,8
3-6 meses	6,7	18,8
6-12 meses	5,6	0,0
1-2 anos	2,2	0,0
Máis de 2 anos	1,1	6,3
Tempo medio ⁴⁶ (meses)	1,96	1,47
Desviación	4,864	2,416

Excluídas as persoas que traballaban no momento de acabar o doutoramento, o tempo medio (en meses) en arranxar emprego dos doutores/as internacionais (3,67 meses) é significativamente inferior ao dos nacionais (5,68 meses).

Por intervalos de tempo, houbo máis doutores/as nacionais que arranxaron emprego no primeiro ano (90,3% contra 85,7%). O desemprego de longa duración⁴⁷ afectou máis aos doutores/as nacionais (6,5% contra 0,0%) e o de moi longa duración⁴⁸ aos internacionais (14,3% contra 3,2%).

Cadro nº 145: Tempo en arranxar emprego segundo a procedencia (excluídos os que traballaban ao acabar o doutoramento)

	Nacional	Internacional
1-3 meses	54,8	42,9
3-6 meses	19,4	42,9
6-12 meses	16,1	0,0
1-2 anos	6,5	0,0
Máis de 2 anos	3,2	14,3

⁴⁶ Cálculo do tempo medio considerando 0 meses para o caso dos que xa traballaban antes.

⁴⁷ Desemprego superior a 12 meses.

⁴⁸ Desemprego superior a 24 meses.

Tempo medio (meses)	5,68	3,67
Desviación	6,954	2,582

4.4.3 Tempo en arranxar emprego segundo a rama de coñecemento

O tempo medio en arranxar emprego presenta diferenzas significativas segundo a rama de coñecemento. Demoraron menos tempo en arranxar emprego os graduados/as nas ramas Xurídico-Social (0,83 meses) e Artes e Humanidades (0,94 meses), seguida por Ciencias da Saúde (2,00 meses), Tecnolóxica (2,63 meses) e Científica (3,00 meses).

Traballaban antes de acabar a súa formación de terceiro grao en maior proporción graduados/as en estudos das ramas Xurídico-Social (69,4%) e en Ciencias da Saúde (66,7%) que na Científica (57,6%) e en Artes e Humanidades (62,5%).

Ao cabo de tres meses de graduarse xa traballaba o 93,8% de graduados/as en Artes e Humanidades, aos seis meses a totalidade en Artes e Humanidades e en Ciencias da Saúde e o 97,2% na Xurídico-Social. Demoraron máis dun ano en arranxar emprego o 6,1% na Científica, 5,3% na Tecnolóxica e 2,8% na Xurídico-Social.

Cadro nº 146. Tempo en arranxar emprego segundo a rama de coñecemento

	Xa traballaba	1-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	1-2 anos	> 2 anos	Meses	Desviación
Artes e Humanidades	62,5	31,3	6,3	0,0	0,0	0,0	0,94	1,692
Ciencias da Saúde	66,7	0,0	33,3	0,0	0,0	0,0	2,00	3,464
Científico	57,6	15,2	9,1	12,1	6,1	0,0	3,00	5,723
Tecnolóxico	63,2	21,1	5,3	5,3	0,0	5,3	2,63	6,994
Xurídico-Social	69,4	19,4	8,3	0,0	0,0	2,8	0,83	1,636

O tempo medio en arranxar emprego (excluídos os que traballaban no momento de acabar os estudos de doutoramento) é significativamente inferior entre os titulados/as en Artes e Humanidades (2,50 meses) e Xurídico-Social (2,90 meses) contra o máximo entre 7 e 8 meses na Tecnolóxica e Científica, atinxindo 6 meses en Ciencias da Saúde.

Por intervalos de tempo, arranxaron emprego no primeiro trimestre após graduarse a maioría de graduados/as en doutoramento en Artes e Humanidades (83,3%) e Tecnolóxica (57,1%), a totalidade en Artes e Humanidades e en Ciencias da Saúde e o 90,9% na Xurídico-Social aos seis meses. Polo contrario, chegaron a estar afectados por desemprego superior a un ano o 14,3% na Científica e Tecnolóxica e 9,1% na Xurídico-Social.

Cadro nº 147. Tempo en arranxar emprego segundo a rama de coñecemento (excluídos os que traballaban ao acabar o doutoramento)

	1-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	1-2 anos	> 2 anos	Meses	Desviación
Artes e Humanidades	83,3	16,7	0,0	0,0	0,0	2,50	1,975
Ciencias da Saúde	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	6,00	-
Científico	35,7	21,4	28,6	14,3	0,0	7,07	7,043
Tecnolóxico	57,1	14,3	14,3	0,0	14,3	7,14	10,447
Xurídico-Social	63,6	27,3	0,0	0,0	9,1	2,90	1,853

Ao analizarmos o tempo medio en arranxar emprego segundo o sexo obsérvanse algúns casos nos que esta variábel parece influír no tempo que un titulado/a demora en arranxar emprego. É significativo o maior tempo que as tituladas tardan en arranxar emprego que os homes en Ciencias da Saúde (3 meses a máis) e Científica (entre 2 e 3 meses), ben como os homes na Xurídico-Social (un mes a máis). No resto de ramas as diferenzas detectadas non son significativas, sendo inferiores a un mes.

Cadro nº 148. Tempo medio en arranxar emprego segundo a rama de coñecemento

	Tempo medio home	Tempo medio muller	Tempo medio
Artes e Humanidades	0,67	1,10	0,94
Ciencias da Saúde	0,00	3,00	2,00
Científico	1,67	3,76	3,00
Tecnolóxico	2,62	2,67	2,63
Xurídico-Social	1,40	0,40	0,83

Excluídas as persoas tituladas que xa traballaban na altura de acabar os estudos de doutoramento na UVigo no curso 2020/2021, é significativo o maior tempo que os titulados demoraron en arranxar emprego na Tecnolóxica (entre 7 e 8 meses) e Xurídico-Social (entre 1 e 2 meses), ben como o maior tempo das mulleres na Científica (entre 4 e 5 meses).

Cadro nº 149. Tempo medio en arranxar emprego segundo a rama de coñecemento (excluídos os que traballaban ao acabar o doutoramento)

	Tempo medio home	Tempo medio muller	Tempo medio
Artes e Humanidades	2,00	2,75	2,50
Ciencias da Saúde	-	6,00	6,00
Científico	4,00	8,78	7,07
Tecnolóxico	11,33	4,00	7,14
Xurídico-Social	3,50	2,00	2,90

4.4.4 Tempo en arranxar emprego segundo o programa de doutoramento

Por programa oficial de doutoramento demoraron cero meses en arranxar emprego (xa traballaban na altura de acabar os estudos) a totalidade de titulados/as en 12 dos 35 programas de doutoramento avaliados.

Demoraron menos de un mes en arranxar emprego os graduados/as en Protección do Patrimonio Cultural (0,25 meses), Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura e en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica (0,33 meses ambos), Ciencias da Educación e do Comportamento, Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria (0,50 meses cada un) e en Comunicación (0,80 meses).

Polo contrario, superaron o desemprego de longa duración antes de arranxar emprego os titulados/as en Láser, Fotónica e Visión (13,00 meses).

Cadro nº 150. Tempo en arranxar emprego segundo o programa de doutoramento

	Xa traballaba	1-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	1-2 anos	> 2 anos	Meses	Desviación
Análise Económica e Estratexia Empresarial	66,7	11,1	22,2	0,0	0,0	0,0	1,33	2,236
Bioteχνoloxía Avanzada	40,0	40,0	0,0	0,0	20,0	0,0	3,80	7,396
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	71,4	14,3	0,0	14,3	0,0	0,0	1,14	2,610
Ciencia e Tecnoloxía Química	66,7	0,0	0,0	0,0	33,3	0,0	8,00	13,856
Ciencias da Educación e do Comportamento	75,0	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,50	1,000
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	1,414
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	66,7	16,7	0,0	16,7	0,0	0,0	2,17	4,834
Comunicación	40,0	60,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,80	0,837
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	1,732
Educación, Deporte e Saúde	66,7	0,0	33,3	0,0	0,0	0,0	2,00	3,464
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	4,00	5,657
Equidade e Innovación en Educación	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,00	-
Estatística e Investigación Operativa	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	4,50	6,364
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,33	0,577
Estudos Lingüísticos	50,0	25,0	25,0	0,0	0,0	0,0	2,25	2,872
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,50	0,707
Láser, Fotónica e Visión	0,0	33,3	33,3	0,0	0,0	33,3	13,00	14,799
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	33,3	16,7	33,3	16,7	0,0	0,0	3,50	4,550
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,00	0,000
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	66,7	0,0	33,3	0,0	0,0	0,0	2,00	3,464
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,00	0,000
Protección do Patrimonio Cultural	75,0	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,25	0,500
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,00	0,000
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,00	0,000
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,50	0,707
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	83,3	16,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,33	0,816

Excluídos os que xa traballaban no momento de acabar os estudos de doutoramento no curso 2020/2021, demoraron un mes en arranxar emprego os titulados/as en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura; Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria, Protección do Patrimonio Cultural e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria, 1,33 meses en Comunicación, dous meses en Ciencias da Educación e do Comportamento; Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable e en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica e 3 meses en Creación e Investigación en Arte Contemporánea.

Polo contrario, atravesaron un desemprego de moi longa duración antes de arranzar emprego os titulados/as en Ciencia e Tecnoloxía Química (24,00 meses) e de longa duración en Láser, Fotónica e Visión (13,00 meses).

Cadro nº 151. Tempo en arranzar emprego segundo o programa de doutoramento (excluídos os que traballaban ao acabar o doutoramento)

	1-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	1-2 anos	> 2 anos	Meses	Desviación
Análise Económica e Estratexia Empresarial	33,3	66,7	0,0	0,0	0,0	4,00	2,000
Biotecnoloxía Avanzada	66,7	0,0	0,0	33,3	0,0	6,33	9,238
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	4,00	4,243
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	24,00	-
Ciencias da Educación e do Comportamento	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	2,00	-
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	2,00	1,414
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	6,50	7,778
Comunicación	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,33	0,577
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	3,00	-
Educación, Deporte e Saúde	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	6,00	-
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	8,00	-
Equidade e Innovación en Educación	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0		-
Estadística e Investigación Operativa	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	9,00	-
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	-
Estudos Lingüísticos	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	4,50	2,121
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	-
Láser, Fotónica e Visión	33,3	33,3	0,0	0,0	33,3	13,00	14,799
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	25,0	50,0	25,0	0,0	0,0	5,25	4,717
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	6,00	-
Protección do Patrimonio Cultural	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	-
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	-
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	2,00	-

Os cadros nº 152 e 153 mostran, por sexo, o tempo medio (en meses) en arranzar emprego segundo o programa de doutoramento realizado polas persoas tituladas da UVigo no curso 2020/2021.

Cadro nº 152. Tempo medio en arranzar emprego segundo o programa de doutoramento por sexo

	Tempo medio home	Tempo medio muller	Tempo medio
Análise Económica e Estratexia Empresarial	1,71	0,00	1,33
Biotecnoloxía Avanzada	0,67	8,50	3,80
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	0,00	1,60	1,14
Ciencia e Tecnoloxía Química	-	8,00	8,00
Ciencias da Educación e do Comportamento	-	0,50	0,50
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,50	1,50	1,00

Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	6,00	0,25	2,17
Comunicación	1,00	0,67	0,80
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	1,50	0,00	1,00
Educación, Deporte e Saúde	6,00	0,00	2,00
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,00	s/e	4,00
Equidade e Innovación en Educación	-	0,00	0,00
Estatística e Investigación Operativa	-	4,50	4,50
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	s/e	0,50	0,33
Estudos Lingüísticos	s/e	3,00	2,25
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,50	-	0,50
Láser, Fotónica e Visión	16,50	s/e	13,00
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,50	5,00	3,50
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,00	-	0,00
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	s/e	3,00	2,00
Ordenación Xurídica do Mercado	0,00	0,00	0,00
Protección do Patrimonio Cultural	0,00	0,33	0,25
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,00	-	0,00
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	0,00	0,00	0,00
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,00	s/e	0,50
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,00	0,40	0,33

Cadro nº 153. Tempo medio en arranxar emprego segundo os estudos realizados por sexo (excluídos os que traballaban ao acabar o programa de doutoramento)

	Tempo medio home	Tempo medio muller	Tempo medio
Análise Económica e Estratexia Empresarial	4,00	-	4,00
Biotecnoloxía Avanzada	1,00	17,00	6,33
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	-	4,00	4,00
Ciencia e Tecnoloxía Química	-	24,00	24,00
Ciencias da Educación e do Comportamento	-	2,00	2,00
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	1,00	3,00	2,00
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	12,00	1,00	6,50
Comunicación	2,00	1,00	1,33
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	3,00	-	3,00
Educación, Deporte e Saúde	6,00	-	6,00
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	-	s/e	8,00
Estatística e Investigación Operativa	-	9,00	9,00
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	s/e	1,00	1,00
Estudos Lingüísticos	s/e	4,50	4,50
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	1,00	-	1,00
Láser, Fotónica e Visión	16,50	s/e	13,00
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	1,00	6,67	5,25
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	s/e	6,00	6,00
Protección do Patrimonio Cultural	-	1,00	1,00
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	-	2,00	2,00

5. Emprego actual

Este apartado avalía as características do traballo actual das persoas tituladas en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 e, especificamente, no tocante a variábeis como o lugar do traballo, antigüidade no posto, modalidade de contratación e tipo de contrato, tipo de xornada, rama de actividade, sector económico, categoría profesional, área funcional de traballo ou departamento, tamaño da empresa/entidade e ingresos.

5.1 Lugar do traballo

5.1.1 Resultados globais e por sexo

O Cadro nº 154 mostra os resultados relativos ao lugar do traballo dos graduados/s en doutoramento no curso 2020/2021 que traballan na actualidade, constatándose que a maioría (56,2%) traballa en Galicia, seguido polo estranxeiro (29,5%) e outra comunidade autónoma (14,3%). A mobilidade profesional afecta significativamente máis aos homes (56,2% contra 33,3%), triplicando a proporción de homes emigrados noutra comunidade autónoma.


Cadro nº 154. Lugar do traballo das persoas tituladas

	%	Home	Muller
Galicia	56,2	43,8	66,7
Outra comunidade autónoma	14,3	22,9	7,0
Resto do mundo	29,5	33,3	26,3

5.1.2 Persoas tituladas que traballan en Galicia

5.1.2.1 Provincias

Como se pode observar no Mapa nº 7 a maioría traballa en Pontevedra (60,3%), empregando máis titulados/as A Coruña (25,9%) que Ourense (13,8%).




Creado con Datawrapper

Mapa nº 7. Lugar do traballo en Galicia por provincias

5.1.2.2 Concellos

Os lugares de traballo dos graduados/as en doutoramento no curso 2020/2021 están distribuídos en 15 concellos, destacando Vigo (46,6%) sobre o resto. A máis distancia áchanse A Coruña e Ourense (10,3% ambos), Santiago de Compostela (6,9%), Pontevedra (5,2%), Ferrol e O Porriño (3,4% ambos). O 13,8% restante da mostra avaliada, consoante mostra o Mapa nº 8, distribúese en 8 concellos.



Datos do mapa: CNIG · Creado con Datawrapper


Mapa nº 8. Lugar do traballo en Galicia por concellos

[> Visualizar datos](#)

5.1.3 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas


5.1.3.1 Comunidades autónomas

As persoas tituladas inquiridas empregadas noutras comunidades autónomas traballan en 7 destinos, destacando Cataluña e Comunidade Valenciana (20,0% ambas), Andalucía, Castela e León, Comunidade de Madrid e País Basco (13,3% cada unha) e Cantabria (6,7%).



Mapa nº 9. Lugar do traballo noutras comunidades autónomas

5.1.3.2 Provincias




Mapa nº 10. Lugar do traballo noutras comunidades autónomas por provincias

[> Visualizar datos](#)

Como se pode observar no Mapa nº 10, das 10 provincias con presenza de persoas graduadas da UVigo destaca Valencia (18,8%), Barcelona, Burgos, Madrid e Sevilla (12,5% cada unha), Biscaia, Cantabria, Guipúscoa, León e Tarragona (6,3% cada unha).

5.1.4 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo por países



Creado con Datawrapper

Mapa nº 11. Lugar do traballo no estranxeiro

[> Visualizar datos](#)

Un total de 13 países son lugar do traballo dos graduados/as en doutoramento da UVigo no curso 2020/2021 que participaron neste estudo, destacando Portugal (45,2%) sobre o resto, seguido por Ecuador e EUA (9,7% ambos) e Italia (6,5%).

5.1.5 Lugar do traballo segundo a procedencia

A proporción de persoas graduadas en doutoramento procedentes do estranxeiro residentes en Galicia (22,2%) cuadriplica a outras comunidades autónomas (5,6%). A maioría con cidadanía española (62,1%) traballa en Galicia, superando o estranxeiro (20,7%) a outras comunidades autónomas (17,2%).

Cadro nº 155: Lugar do traballo actual segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Galicia	62,1	22,2
Outra comunidade autónoma	17,2	5,6
Resto do mundo	20,7	72,2

5.1.5.1 Lugar do traballo en Galicia

Tanto persoas graduadas con cidadanía española como internacionais traballan maioritariamente na provincia de Pontevedra (59,3% e 75,0%, respectivamente).

Cadro nº 156: Traballan en Galicia segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
A Coruña	25,9	25,0
Ourense	14,8	0,0
Pontevedra	59,3	75,0

5.1.5.2 Lugar do traballo noutras comunidades autónomas

Mentres que Cataluña concentra a totalidade de titulados/as estranxeiros, o lugar do traballo das persoas graduadas con cidadanía española está máis distribuído, predominando Castela e León e a Comunidade Valenciana (20,0% ambas) sobre o resto.

Cadro nº 157: Traballan noutras comunidades autónomas segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Andalucía	13,3	0,0
Cantabria	6,7	0,0
Castela e León	20,0	0,0
Cataluña	13,3	100,0
Comunidade de Madrid	13,3	0,0
Comunidade Valenciana	20,0	0,0
País Basco	13,3	0,0

5.1.5.3 Lugar do traballo no estranxeiro por países

Portugal destaca como o lugar do traballo tanto da maioría de persoas graduadas en doutoramento con cidadanía española (55,6%) como de orixe internacional (30,8%). Entre estes últimos destacan a presenza en países da América Latina (37,5%) contra a nula nos nacionais, mormente no Ecuador (23,1%).

Cadro nº 158: Traballan no resto do mundo segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Alemaña	5,6	0,0
Bélxica	5,6	0,0
Brasil	0,0	7,7
Chile	0,0	7,7
Ecuador	0,0	23,1
Estonia	5,6	0,0
EUA	11,1	7,7
Francia	5,6	0,0
Grecia	5,6	0,0
Italia	5,6	7,7
Portugal	55,6	30,8
Suecia	0,0	7,7
Suíza	0,0	7,7

5.1.6 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

Traballa en Galicia a maioría de graduados/as nas ramas Tecnolóxica (72,2%), Artes e Humanidades (60,0%) e Científica (53,1%) contra un terzo en Ciencias da Saúde e 48,6% na Xurídico-Social. O traballo no estranxeiro é máis frecuente nos doutores/as en estudos da rama Xurídico-Social (35,1%), Ciencias da Saúde (33,3%) e Científica (31,3%) contra o mínimo na Tecnolóxica (16,7%).

Cadro nº 159. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	60,0	13,3	26,7
Ciencias da Saúde	33,3	33,3	33,3
Científico	53,1	15,6	31,3
Tecnolóxico	72,2	11,1	16,7
Xurídico-Social	48,6	16,2	35,1

5.1.7 Lugar do traballo segundo o programa de doutoramento

En Galicia traballa a maioría de titulados/as en 18 dos 35 programas de doutoramento avaliados (a totalidade en 9). Polo contrario, o traballo fóra de Galicia afecta á maioría en Biotecnoloxía Avanzada (80,0%); Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable e en Protección do Patrimonio Cultural (75,0% ambos), Análise Económica e Estratexia Empresarial (70,0%), Neurociencia e Psicoloxía Clínica (66,7%) e metade en Ciencias da Educación e do Comportamento, Creación e Investigación en Arte Contemporánea; Educación, Deporte e Saúde; Equidade e Innovación en Educación, Estatística e Investigación Operativa, Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas.

O traballo no estranxeiro é maioritario en Biotecnoloxía Avanzada (80,0%) e metade en Protección do Patrimonio Cultural, Análise Económica e Estratexia Empresarial; Educación, Deporte e Saúde; Equidade e Innovación en Educación, Estatística e Investigación Operativa e en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas.

Finalmente, a emigración noutra comunidade autónoma abranxe á metade en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable; Creación e Investigación en Arte Contemporánea e en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria.

Cadro nº 160. Lugar do traballo segundo o programa de doutoramento

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Análise Económica e Estratexia Empresarial	30,0	20,0	50,0
Biotecnoloxía Avanzada	20,0	0,0	80,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	57,1	28,6	14,3
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0	0,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	50,0	25,0	25,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	50,0	25,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	66,7	0,0	33,3
Comunicación	80,0	0,0	20,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	50,0	50,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	50,0	0,0	50,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	50,0	0,0	50,0
Estatística e Investigación Operativa	50,0	0,0	50,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	66,7	0,0	33,3
Estudos Lingüísticos	100,0	0,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	50,0	50,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	66,7	33,3	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	66,7	0,0	33,3
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	50,0	0,0	50,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	33,3	33,3	33,3
Ordenación Xurídica do Mercado	66,7	0,0	33,3
Protección do Patrimonio Cultural	25,0	25,0	50,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	66,7	0,0	33,3
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e	100,0	0,0	0,0

Industria			
Xestión e Resolución de Conflictos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	60,0	20,0	20,0

5.2 Antigüidade no emprego actual

5.2.1 Resultados globais e por sexo

O tempo medio de antigüidade no traballo é de 74,64 meses, sendo máis frecuentes os intervalos de maior antigüidade (máis de 30 meses), co 40,4%, ben como entre 18 e 24 meses (23,1%) e entre 6 e 12 meses (15,4%).

Cadro nº 161. Antigüidade no traballo actual

	%	Home	Muller
0-6 meses	8,7	4,3	12,3
6-12 meses	15,4	19,1	12,3
12-18 meses	4,8	4,3	5,3
18-24 meses	23,1	25,5	21,1
24-30 meses	7,7	8,5	7,0
Máis de 30 meses	40,4	38,3	42,1
Tempo medio (meses)	74,64	75,36	74,05
Desviación	114,104	108,279	119,648

Por sexo, tal como mostra o Cadro nº 161, a antigüidade no traballo é levemente maior en homes (75,36 meses) que en mulleres (74,05 meses).

5.2.2 Antigüidade no emprego actual segundo a procedencia

É maior a antigüidade no posto de traballo actual dos doutores/as internacionais (77,00 meses) que nos nacionais (74,78 meses).

Cadro nº 162. Antigüidade no traballo actual segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
0-6 meses	7,0	16,7
6-12 meses	17,4	5,6
12-18 meses	4,7	5,6
18-24 meses	20,9	33,3
24-30 meses	8,1	5,6
Máis de 30 meses	41,9	33,3
Tempo medio (meses)	74,78	77,00
Desviación	105,811	152,931

5.2.3 Antigüidade no emprego actual segundo o lugar do traballo

O tempo de permanencia no actual emprego é máis alto entre os doutores/as que traballan no estranxeiro (86,19 meses) e en Galicia (75,33 meses) que noutras comunidades autónomas (52,33 meses). Os intervalos de máis e menos antigüidade son significativamente maiores en Galicia (45,6% e 29,8%, respectivamente), contra 38,7% e 13,0% no estranxeiro e 26,7% e 20,0% noutras comunidades autónomas.

Cadro nº 163. Antigüidade no traballo actual segundo o lugar do traballo

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
0-6 meses	10,5	6,7	6,5
6-12 meses	19,3	13,3	6,5
12-18 meses	7,0	0,0	3,2
18-24 meses	14,0	40,0	32,3
24-30 meses	3,5	13,3	12,9
Máis de 30 meses	45,6	26,7	38,7

Tempo medio (meses)	75,33	52,33	86,19
Desviación	105,638	82,896	141,933

5.2.3.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

É significativamente maior a antigüidade no posto actual das persoas tituladas que traballan na Coruña (101,73 meses) seguido por Pontevedra (75,50 meses) contra o mínimo en Ourense (25,13 meses).

Cadro nº 164. Antigüidade no traballo actual en Galicia por provincias

	A Coruña	Ourense	Pontevedra
0-6 meses	0,0	12,5	14,7
6-12 meses	20,0	50,0	11,8
12-18 meses	20,0	0,0	2,9
18-24 meses	13,3	12,5	14,7
24-30 meses	0,0	0,0	5,9
Máis de 30 meses	46,7	25,0	50,0
Tempo medio (meses)	101,73	25,13	75,50
Desviación	137,52	30,456	98,941

5.2.3.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas

A antigüidade no posto de traballo actual é máis alta nos titulados/as que traballan en Cantabria (200,00 meses) e Comunidade de Madrid (166,50 meses) que na Comunidade Valenciana (6,00 meses), Andalucía (18,00 meses) e Castela e León (22,67 meses).

Cadro nº 165. Antigüidade no traballo actual noutras comunidades autónomas

	0-6 meses	6-12 meses	12-18 meses	18-24 meses	24-30 meses	> 30 meses	Tempo medio	Desviación
Andalucía	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	18,00	8,485
Cantabria	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	200,00	-
Castela e León	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	22,67	1,528
Cataluña	0,0	0,0	0,0	33,3	33,3	33,3	27,67	7,638
Comunidade de Madrid	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	166,50	188,798
Comunidade Valenciana	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	6,00	4,243
País Basco	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	26,50	4,950

5.2.3.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

É maior a antigüidade das persoas tituladas que traballan no Chile (640 meses), Brasil (240 meses), seguida por Portugal (89,93 meses) e Ecuador (76,67 meses) contra o mínimo en Suecia (1,00 mes), Francia (19,00 meses) e Grecia (21,00 meses).

Cadro nº 166. Antigüidade no traballo actual no resto do mundo por países

	0-6 meses	6-12 meses	12-18 meses	18-24 meses	24-30 meses	> 30 meses	Tempo medio	Desviación
Alemaña	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	22,00	-
Bélxica	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	48,00	-
Brasil	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	240,00	-
Chile	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	640,00	-
Ecuador	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	66,7	76,67	77,106

Estonia	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	35,00	-
EUA	0,0	0,0	0,0	33,3	33,3	33,3	26,67	6,028
Francia	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	19,00	-
Grecia	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	21,00	-
Italia	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	26,50	9,192
Portugal	0,0	14,3	7,1	28,6	21,4	28,6	89,93	128,789
Suecia	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	-
Suíza	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	24,00	-

5.2.4 Antigüidade no emprego actual segundo a rama de coñecemento

Como reflicte o Cadro nº 167, as ramas de coñecemento con máis antigüidade media son a Xurídica-Social (106,64 meses) e Ciencias da Saúde (100,67 meses) contra a mínima na Científica (42,25 meses) e Tecnolóxica (54,89 meses).

Cadro nº 167. Antigüidade no traballo actual segundo a rama de coñecemento

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científica	Tecnolóxica	Xurídico-Social
0-6 meses	0,0	0,0	15,6	5,6	8,3
6-12 meses	13,3	0,0	18,8	22,2	11,1
12-18 meses	6,7	0,0	6,3	5,6	2,8
18-24 meses	6,7	0,0	31,3	16,7	27,8
24-30 meses	6,7	33,3	3,1	5,6	11,1
> 30 meses	66,7	66,7	25,0	44,4	38,9
Tempo medio (meses)	85,47	100,67	42,25	54,89	106,64
Desviación	103,857	120,770	81,587	84,521	146,562

5.2.4.1 Antigüidade no posto segundo a rama de coñecemento por sexo

A antigüidade en meses das mulleres no posto de traballo actual é superior en Ciencias da Saúde (97,00 meses a máis) e Xurídico-Social (52,34 meses) mentres que a masculina é maior na Científica (45,20 meses a máis), Artes e Humanidades (43,40 meses) e Tecnolóxica (36,95 meses).

Cadro nº 168. Antigüidade no traballo actual segundo a rama de coñecemento por sexo (home)

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científica	Tecnolóxica	Xurídico-Social
0-6 meses	0,0	0,0	0,0	0,0	12,5
6-12 meses	0,0	0,0	25,0	30,8	12,5
12-18 meses	0,0	0,0	8,3	0,0	6,3
18-24 meses	0,0	0,0	33,3	23,1	31,3
24-30 meses	0,0	0,0	8,3	7,7	12,5
> 30 meses	100,0	100,0	25,0	38,5	25,0
Tempo medio (meses)	114,40	36,00	70,50	65,15	77,56
Desviación	81,907	.	121,886	97,954	121,940

Cadro nº 169. Antigüidade no traballo actual segundo a rama de coñecemento por sexo (muller)

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científica	Tecnolóxica	Xurídico-Social
0-6 meses	0,0	0,0	25,0	20,0	5,0
6-12 meses	20,0	0,0	15,0	0,0	10,0
12-18 meses	10,0	0,0	5,0	20,0	0,0
18-24 meses	10,0	0,0	30,0	0,0	25,0
24-30 meses	10,0	50,0	0,0	0,0	10,0
> 30 meses	50,0	50,0	25,0	60,0	50,0

Tempo medio (meses)	71,00	133,00	25,30	28,20	129,90
Desviación	114,452	151,321	38,122	18,539	162,937

5.2.5 Antigüidade no posto segundo o programa de doutoramento

A antigüidade no posto de traballo actual é maior en Ordenación Xurídica do Mercado (220,00 meses), Equidade e Innovación en Educación (193,00 meses), Ciencias da Educación e do Comportamento (189,00 meses), Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñaría Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica (185,50 meses), Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica (175,20 meses), Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (123,00 meses) e en Neurociencia e Psicoloxía Clínica (100,67 meses), seguidos por Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable (80,25 meses), Protección do Patrimonio Cultural (76,25 meses), Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (72,43 meses), Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (72,33 meses) e en Análise Económica e Estratexia Empresarial (60,70 meses).

Polo contrario, a menor permanencia media no posto de traballo actual deuse en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria (8,00 meses), Estatística e Investigación Operativa (10,50 meses) e en Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura (11,00 meses).

Cadro nº 170. Antigüidade no traballo actual segundo o programa de doutoramento

	0-6 meses	6-12 meses	12-18 meses	18-24 meses	24-30 meses	> 30 meses	Tempo medio	Desviación
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	10,0	10,0	40,0	20,0	20,0	60,70	106,479
Bioteconoloxía Avanzada	20,0	0,0	0,0	60,0	20,0	0,0	18,40	9,711
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	28,6	14,3	0,0	14,3	0,0	42,9	72,43	145,044
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	22,50	19,092
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	25,0	0,0	25,0	0,0	50,0	189,00	302,124
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	0,0	0,0	50,0	0,0	25,0	80,25	130,877
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	16,7	33,3	33,3	0,0	16,7	43,67	66,962
Comunicación	0,0	25,0	0,0	25,0	50,0	0,0	21,50	6,351
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	30,00	25,456
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0	0,0	50,0	25,0	25,0	42,25	35,836
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	11,00	5,657
Equidade e Innovación en Educación	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	193,00	270,115
Estatística e Investigación Operativa	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	10,50	12,021
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	123,00	79,542
Estudos Lingüísticos	0,0	25,0	25,0	0,0	0,0	50,0	37,75	33,170
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	53,50	43,134
Láser, Fotónica e Visión	33,3	0,0	0,0	33,3	33,3	0,0	19,33	13,614
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	16,7	16,7	0,0	33,3	0,0	33,3	23,83	15,368
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	28,50	27,577
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0,0	0,0	0,0	0,0	33,3	66,7	100,67	120,770
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	220,00	91,652

Protección do Patrimonio Cultural	0,0	0,0	0,0	25,0	0,0	75,0	76,25	83,300
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	185,50	246,780
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	0,0	0,0	0,0	33,3	0,0	66,7	72,33	72,954
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	8,00	.
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0	80,0	175,20	115,287

5.2.5.1 Antigüidade no posto segundo o programa de doutoramento por sexo

A antigüidade das doutoras no posto de traballo actual é maior en 6 programas de doutoramento avaliados, especialmente en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física (138,50 meses a máis), Neurociencia e Psicoloxía Clínica (97,00 meses), Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión (48,25 meses), Educación, Deporte e Saúde (36,50 meses) e en Comunicación (6,00 meses).

Polo contrario, a antigüidade dos doutores é maior en 12 dos 35 programas de doutoramento avaliados, mormente en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria (187,00 meses a máis), Protección do Patrimonio Cultural (165,00 meses), Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica (156,00 meses), Ordenación Xurídica do Mercado (120,00 meses), Estudos Lingüísticos (61,67 meses), Análise Económica e Estratexia Empresarial (50,53 meses), Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (50,00 meses), Creación e Investigación en Arte Contemporánea (36,00 meses), Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (18,25 meses), Biotecnoloxía Avanzada (11,50 meses) e en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (11,00 meses).

Cadro nº 171. Antigüidade no traballo actual segundo o programa de doutoramento por sexo (home)

	0-6 meses	6-12 meses	12-18 meses	18-24 meses	24-30 meses	> 30 meses	Tempo medio	Desviación
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	14,3	14,3	28,6	14,3	28,6	75,86	126,915
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	0,0	0,0	66,7	33,3	0,0	23,00	4,359
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	206,00	274,357
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	11,00	14,142
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	11,50	4,950
Comunicación	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	18,50	9,192
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	48,00	-
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	24,00	0,000
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	7,00	-
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	53,50	43,134
Láser, Fotónica e Visión	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	27,00	4,243
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	36,00	16,971
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	28,50	27,577
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	300,00	-
Protección do Patrimonio Cultural	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	200,00	-

Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de Doutoramento | Curso 2020/2021

Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	185,50	246,780
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	89,00	94,752
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	8,00	-
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	300,00	-

Cadro nº 172. Antigüidade no traballo actual segundo o programa de doutoramento por sexo (muller)

	0-6 meses	6-12 meses	12-18 meses	18-24 meses	24-30 meses	> 30 meses	Tempo medio	Desviación
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	0,0	0,0	66,7	33,3	0,0	25,33	4,163
Bioteconoloxía Avanzada	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	11,50	13,435
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	40,0	0,0	0,0	20,0	0,0	40,0	19,00	15,796
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	22,50	19,092
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	25,0	0,0	25,0	0,0	50,0	189,00	302,124
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	149,50	178,898
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	0,0	25,0	50,0	0,0	25,0	59,75	80,189
Comunicación	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	24,50	0,707
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	12,00	-
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	60,50	50,205
Equidade e Innovación en Educación	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	193,00	270,115
Estatística e Investigación Operativa	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	10,50	12,021
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	82,50	53,033
Estudos Lingüísticos	0,0	33,3	33,3	0,0	0,0	33,3	22,33	14,978
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	25,0	25,0	0,0	25,0	0,0	25,0	17,75	12,230
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	133,00	151,321
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	180,00	84,853
Protección do Patrimonio Cultural	0,0	0,0	0,0	33,3	0,0	66,7	35,00	14,107
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	39,00	-
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	25,0	0,0	0,0	0,0	75,0	144,00	105,981

5.3 Réxime do traballo

Este apartado analiza o réxime do traballo ou modalidade de contratación dos graduados/as; isto é, se traballan por conta propia ou allea.

5.3.1 Resultados globais e por sexo

Segundo mostra o Cadro nº 173, a maioría de graduados/as (94,3%) traballa por conta allea contra o 5,7% por conta propia, duplicando os homes por conta propia (8,3% contra 3,4%).

Cadro nº 173. Réxime do traballo das persoas tituladas

	%	Home	Muller
Conta allea	94,3	91,7	96,6
Conta propia	5,7	8,3	3,4

5.3.2 Modalidade de contratación segundo a procedencia

Non existen diferenzas significativas no réxime de traballo de doutores/as con cidadanía española e internacional ($p\text{-valor}>0,05$).

Cadro nº 174. Réxime do traballo segundo a procedencia

	Conta allea	Conta propia
Nacional	94,3	5,7
Internacional	94,4	5,6

5.3.3 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo

É significativa a maior frecuencia de traballo por conta propia entre os graduados/as que traballan noutras comunidades autónomas (6,3%) e en Galicia (5,2%) que no estranxeiro (3,2%).

Cadro nº 175. Réxime do traballo segundo o lugar do traballo

	Conta allea	Conta propia
Galicia	94,8	5,2
Outra comunidade autónoma	93,8	6,3
Resto do mundo	96,8	3,2

5.3.3.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

5.3.3.1.1 Provincias

O réxime de traballo por conta allea abranxe a totalidade de persoas tituladas que traballan en Ourense, 94,3% en Pontevedra e 93,3% na Coruña.

Cadro nº 176. Réxime do traballo en Galicia por provincias

	Conta allea	Conta propia
A Coruña	93,3	6,7
Ourense	100,0	0,0
Pontevedra	94,3	5,7

5.3.3.1.2 Concellos

O Anexo 12 mostra o réxime de traballo das persoas tituladas que traballan en Galicia por concellos.

5.3.3.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas

A totalidade de titulados/as emigrados en 6 das 7 comunidades autónomas traballa por conta allea, salvo na Comunidade Valenciana, onde un terzo o fai por conta propia (provincia de Valencia).

5.3.3.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

Todos/as os titulados/as emigrados en 12 do 13 países traballan por conta allea, salvo en Portugal, cun 7,1% por conta propia.

5.3.4 Réxime de traballo segundo a rama de coñecemento

Como se pode constatar no Cadro nº 177, existen diferenzas estatisticamente significativas entre a modalidade de contratación e a rama de coñecemento. Así sendo, o emprego por conta propia é máis frecuente en Artes e Humanidades (18,8%) e Xurídico-Social (8,1%), ben como nulo no resto.

Cadro nº 177. Réxime do traballo segundo a rama de coñecemento

	Conta allea	Conta propia
Artes e Humanidades	81,3	18,8
Ciencias da Saúde	100,0	0,0
Científico	100,0	0,0
Tecnolóxico	100,0	0,0
Xurídico-Social	91,9	8,1

5.3.4.1 Réxime do traballo segundo as ramas de coñecemento por sexo

O emprego por conta propia masculino supera o feminino en Artes e Humanidades (33,3% contra 10,0%) e Xurídico-Social (12,5% contra 4,8%).

Cadro nº 178. Traballo por conta propia segundo a rama de coñecemento por sexo

	Conta propia home	Conta propia muller
Artes e Humanidades	33,3	10,0
Ciencias da Saúde	0,0	0,0
Científico	0,0	0,0
Tecnolóxico	0,0	0,0
Xurídico-Social	12,5	4,8

5.3.5 Réxime do traballo segundo o programa de doutoramento

Apenas se rexistrou emprego por conta propia na totalidade de graduados/as en Creación e Investigación en Arte Contemporánea e 20,0% en Análise Económica e Estratexia Empresarial e en Comunicación. No resto de programas a totalidade de persoas tituladas traballa por conta allea

Cadro nº 179. Réxime do traballo segundo o programa de doutoramento

	Conta allea	Conta propia
Análise Económica e Estratexia Empresarial	80,0	20,0
Bioteconoloxía Avanzada	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	100,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	100,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	100,0	0,0
Comunicación	80,0	20,0

Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	100,0
Educación, Deporte e Saúde	100,0	0,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	100,0	0,0
Estatística e Investigación Operativa	100,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	100,0	0,0
Estudos Lingüísticos	100,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	100,0	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	100,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	100,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	100,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	100,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0	0,0

5.3.5.1 Réxime do traballo segundo o programa de doutoramento por sexo

O Cadro nº 180 mostra, por sexo, a distribución porcentual da modalidade de contratación das persoas tituladas segundo o programa de doutoramento realizado no curso 2020/2021.

Cadro nº 180. Traballo por conta propia segundo o programa de doutoramento por sexo

	Conta propia home	Conta propia muller
Análise Económica e Estratexia Empresarial	28,6	0,0
Bioteconoloxía Avanzada	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	-	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	-	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	0,0
Comunicación	0,0	33,3
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	100,0	100,0
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	s/e
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	s/e	0,0
Estatística e Investigación Operativa	-	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	-	0,0
Estudos Lingüísticos	s/e	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	-
Láser, Fotónica e Visión	0,0	s/e
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	-
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	s/e	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	0,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica,	0,0	-

Informática e Mecánica		
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	0,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	s/e
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	0,0

5.3.6 Réxime de traballo segundo a antigüidade no posto

A permanencia é significativamente superior entre empregados/as por conta propia (108,25 meses) que por conta allea (73,30 meses). Porén, é semellante proporción persoas tituladas ocupadas cunha antigüidade inferior a un ano por conta allea (24,0%) e propia (25,0%).

Cadro nº 181. Antigüidade segundo o réxime de traballo

	Conta allea	Conta propia
0-6 meses	9,0	0,0
6-12 meses	15,0	25,0
12-18 meses	4,0	25,0
18-24 meses	24,0	0,0
24-30 meses	8,0	0,0
Máis de 30 meses	40,0	50,0
Tempo medio	73,30	108,25
Desviación	112,411	168,666

5.4 Tipo de contrato

As persoas que traballan por conta allea foron inquiridas sobre o tipo de contrato do traballo que tiñan no momento de responder a enquisa.

5.4.1 Resultados globais e por sexo

Entre as persoas tituladas que traballan por conta allea a maioría está afectada por eventualidade laboral (51,0%), categoría ligada a contratos temporais/eventuais (31,6%), bolsas (10,2%) e por obra/servizo (9,2%). O 49,0% goza de estabilidade laboral, 27,6% con contratos indefinidos e 21,4% como fixos ou titulares de praza.

Cadro nº 182. Tipo de contrato das persoas tituladas

	%	Home	Muller
Bolsa	10,2	11,6	9,1
Fixo/titular de praza	21,4	18,6	23,6
Indefinido	27,6	30,2	25,5
Por obra/servizo	9,2	9,3	9,1
Temporal/interino	31,6	30,2	32,7

Por sexo non existen relacións de dependencia estatística, afectando a eventualidade en semellantes proporcións a homes (51,2%) e mulleres (50,9%).

5.4.2 Tipo de contrato segundo a procedencia

Segundo mostra o Cadro nº 183, existen diferenzas significativas no tipo de contrato segundo a procedencia. Así sendo, a estabilidade laboral é maioritaria nos doutores/as con cidadanía española (51,2%) contra o 37,5% nos doutores/as internacionais, por estaren estes en maior proporción suxeitos a contratos temporais (50,0% contra 28,0%) e bolsas (12,5% contra 9,8%). Porén os doutores/as internacionais gozan en maior proporción de contratos fixos ou titularidades de praza (31,3% contra 19,5%).

Cadro nº 183. Tipo de contrato segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Bolsa	9,8	12,5
Fixo/titular de praza	19,5	31,3
Indefinido	31,7	6,3
Por obra/servizo	11,0	0,0
Temporal/interino	28,0	50,0

5.4.3 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

A contratación indefinida é maioritaria entre os graduados/ que traballan noutras comunidades autónomas (61,5%) e en Galicia (60,0%) contra o 23,3% no estranxeiro, onde a eventualidade afecta ao 76,7% de persoas inquiridas a teor do maior peso dos contratos temporais (50,0% contra o 15,4% noutras comunidades autónomas) e bolsas (23,3% contra o 3,6% en Galicia).

Cadro nº 184. Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Bolsa	3,6	7,7	23,3
Fixo/titular de praza	25,5	7,7	20,0
Indefinido	34,5	53,8	3,3
Por obra/servizo	10,9	15,4	3,3
Temporal/interino	25,5	15,4	50,0

5.4.3.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

5.4.3.1.1 Provincias

Tal como mostra o Cadro nº 185, a estabilidade laboral é maior nos doutores/as que traballan na Coruña (71,4%) e Pontevedra (63,6%) contra o 25,0% en Ourense, en que 62,5% traballan con contratos temporais.

Cadro nº 185. Tipo de contrato en Galicia por provincias

	A Coruña	Ourense	Pontevedra
Bolsa	7,1	0,0	3,0
Fixo/titular de praza	35,7	12,5	24,2
Indefinido	35,7	12,5	39,4
Por obra/servizo	7,1	12,5	12,1
Temporal/interino	14,3	62,5	21,2

5.4.3.1.2 Concellos

O Anexo 13 mostra o cadro da distribución porcentual do tipo de contrato das persoas tituladas que traballan en Galicia por concellos.

5.4.3.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas

Gozan de estabilidade laboral a totalidade de graduados/as en doutoramento que traballan en Cantabria e Castela e León, ben como a metade en 5 das 7 comunidades avaliadas.

Cadro nº 186. Tipo de contrato noutras comunidades autónomas

	Bolsa	Fixo/titular	Indefinido	Obra/servizo	Temporal/eventual
Andalucía	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0
Cantabria	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0
Castela e León	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0
Cataluña	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0
Comunidade de Madrid	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0
Comunidade Valenciana	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0
País Basco	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0

5.4.3.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo por países

A eventualidade laboral afecta á totalidade de titulados/as emigrados en 7 dos 13 países avaliados (Alemaña, Estonia, EUA, Francia, Grecia, Suecia e Suíza), 92,3% en Portugal e metade na Italia. Polo contrario, gozan de estabilidade laboral a totalidade de doutores/as que traballan na Bélxica, Brasil e Chile e 66,7% no Ecuador.

Cadro nº 187. Tipo de contrato no resto do mundo por países

	Bolsa	Fixo/titularidade	Indefinido	Por obra/servizo	Temporal/eventual
Alemaña	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Bélxica	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0
Brasil	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Chile	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Ecuador	0,0	66,7	0,0	0,0	33,3
Estonia	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
EUA	66,7	0,0	0,0	0,0	33,3
Francia	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Grecia	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Italia	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0

Portugal	23,1	7,7	0,0	7,7	61,5
Suecia	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Suíza	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0

5.4.4 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento

Existen relacións de dependencia estatística entre o tipo de contrato e a rama de coñecemento (p -valor $<0,05$). A estabilidade laboral é maioritaria en Ciencias da Saúde (66,7%), Artes e Humanidades (61,5%) e Tecnolóxica (61,1%) contra a mínima na Científica (38,7%) e Xurídico-Social (45,5%), cunha maioría afectada pola eventualidade laboral.

Cadro nº 188. Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Bolsa	7,7	33,3	22,6	5,6	0,0
Fixo/titularidade	30,8	33,3	9,7	22,2	27,3
Indefinido	30,8	33,3	29,0	38,9	18,2
Por obra/servizo	0,0	0,0	19,4	11,1	3,0
Temporal/eventual	30,8	0,0	19,4	22,2	51,5

A estabilidade laboral masculina, consoante o Cadro nº 189, é total en Artes e Humanidades (contra 44,4%) e Ciencias da Saúde (contra 50,0%), superando a feminina na Científica (45,0% contra 27,3%) e Xurídico-Social (52,6% contra 35,7%) e semellantes na Tecnolóxica (61,5% homes e 60,0% mulleres).

Cadro nº 189. Estabilidade laboral segundo a rama de coñecemento por sexo

	Home	Muller
Artes e Humanidades	100,0	44,4
Ciencias da Saúde	100,0	50,0
Científico	27,3	45,0
Tecnolóxico	61,5	60,0
Xurídico-Social	35,7	52,6

5.4.5 Tipo de contrato segundo o programa de doutoramento

Gozan de estabilidade laboral todos os graduados/as en 8 dos 33 programas de doutoramento avaliados, ben como o 75,0% en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable; Estudos Lingüísticos e en Protección do Patrimonio Cultural; 66,7% en Neurociencia e Psicoloxía Clínica, Ordenación Xurídica do Mercado, Tecnoloxías da Información e as Comunicacións e en Ciencias da Educación e do Comportamento, 60,0% en Xestión e Resolución de Conflictos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica e 57,1% en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Polo contrario, a eventualidade laboral afecta á totalidade de titulados/as en 4 dos 33 programas avaliados, ben como ao 87,5% en Análise Económica e Estratexia Empresarial, 83,3% en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión, 75,0% en Educación, Deporte e Saúde e 66,7% en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura.

Cadro nº 190. Tipo de contrato segundo o programa de doutoramento

	Bolsa	Fixo/titular de praza	Indefinido	Por obra/servizo	Temporal
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	12,5	0,0	12,5	75,0
Biotecnoloxía Avanzada	60,0	0,0	0,0	40,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	14,3	14,3	42,9	28,6	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	66,7	0,0	0,0	33,3
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0	25,0	50,0	0,0	25,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	16,7	16,7	0,0	16,7	50,0
Comunicación	0,0	25,0	25,0	0,0	50,0
Educación, Deporte e Saúde	0,0	25,0	0,0	0,0	75,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0
Estatística e Investigación Operativa	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	33,3	0,0	0,0	66,7
Estudos Lingüísticos	0,0	25,0	50,0	0,0	25,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	0,0	0,0	0,0	33,3	66,7
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	16,7	33,3	16,7	33,3
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	33,3	33,3	33,3	0,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	33,3	33,3	0,0	33,3
Protección do Patrimonio Cultural	25,0	50,0	25,0	0,0	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	33,3	33,3	33,3	0,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	40,0	20,0	0,0	40,0

Máis concretamente, o Cadro nº 191 mostra a distribución porcentual da estabilidade laboral segundo o programa de doutoramento realizado na UVigo no curso 2020/2021 por sexo.

Cadro nº 191. Estabilidade laboral segundo o programa de doutoramento por sexo

	Home	Muller
Análise Económica e Estratexia Empresarial	20,0	0,0
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	50,0	60,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	-	50,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	-	66,7
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	50,0	100,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	25,0
Comunicación	0,0	100,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	-	-
Educación, Deporte e Saúde	0,0	50,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	s/e
Equidade e Innovación en Educación	-	50,0
Estatística e Investigación Operativa	-	50,0

Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	s/e	0,0
Estudios Lingüísticos	s/e	66,7
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	50,0	-
Láser, Fotónica e Visión	0,0	s/e
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	50,0	50,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	50,0	-
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	s/e	50,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	50,0
Protección do Patrimonio Cultural	100,0	66,7
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	50,0	-
Tecnoloxías da Información e as Comunicucións	100,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	s/e
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0	50,0

5.4.6 Tipo de contrato segundo a antigüidade no posto

Consoante o Cadro nº 192, a antigüidade é maior nos doutores/as que gozan de estabilidade laboral (122,94 meses), sendo maior nos contratos fixos/titulares de praza (215,05 meses) que nos indefinidos (51,30 meses). Os doutores/as afectados pola eventualidade teñen unha menor antigüidade (27,68 meses), sendo maior a de contratados eventuais (31,06 meses) e contratados por obra/servizo (25,22 meses) que a de bolseiros/as (19,40 meses).

Cadro nº 192. Antigüidade segundo o tipo de contrato

	Bolsa	Fixo/titular	Indefinido	Por obra/servizo	Temporal/eventual
0-6 meses	0,0	0,0	14,8	22,2	9,7
6-12 meses	30,0	0,0	11,1	11,1	25,8
12-18 meses	10,0	0,0	7,4	11,1	0,0
18-24 meses	40,0	0,0	25,9	11,1	32,3
24-30 meses	10,0	4,8	0,0	22,2	12,9
Máis de 30 meses	10,0	95,2	40,7	22,2	19,4
Tempo medio	19,40	215,05	51,30	25,22	31,06
Desviación	9,009	159,178	75,574	24,641	38,652

Cadro nº 193. Antigüidade segundo a estabilidade laboral

	Estabilidade	Eventualidade
0-6 meses	8,3	10,0
6-12 meses	6,3	24,0
12-18 meses	4,2	4,0
18-24 meses	14,6	30,0
24-30 meses	2,1	14,0
Máis de 30 meses	64,6	18,0
Tempo medio	122,94	27,68
Desviación	143,808	32,420

5.5 Tipo de xornada

5.5.1 Resultados globais e por sexo

A maioría (94,6%) de titulados/as inquiridos empregados por conta allea traballa a tempo completo⁴⁹ contra o 5,4% a tempo parcial.

Cadro nº 194. Tipo de xornada das persoas tituladas

	%	Home	Muller
A tempo completo	94,6	97,5	92,3
A tempo parcial	5,4	2,5	7,7

Existe unha relación de dependencia estatística ($p\text{-valor} < 0,05$) entre o tipo de xornada e o sexo das persoas graduadas, triplicando a taxa de emprego a tempo parcial feminino (7,7% contra 2,5%).

5.5.2 Tipo de xornada segundo a procedencia

A xornada a tempo parcial é máis frecuente nos doutores/as internacionais (7,1%) que nos nacionais (5,1%).

Cadro nº 195. Tipo de xornada segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
A tempo completo	94,9	92,9
A tempo parcial	5,1	7,1

5.5.3 Tipo de xornada segundo o lugar do traballo

A xornada a tempo parcial é máis frecuente no estranxeiro (7,7%) e en Galicia (5,6%) que noutras comunidades autónomas, onde todas as persoas graduadas traballan a tempo completo.

Cadro nº 196. Tipo de xornada segundo o lugar do traballo

	A tempo completo	A tempo parcial
Galicia	94,4	5,6
Outra comunidade autónoma	100,0	0,0
Resto do mundo	92,3	7,7

5.5.3.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

5.5.3.1.1 Provincias

A xornada a tempo parcial está máis estendida en Ourense (12,5%) e en Pontevedra (6,1%) que na Coruña, onde todas as persoas graduadas en doutoramento traballan a tempo completo.

Cadro nº 197. Tipo de xornada en Galicia por provincias

	A tempo completo	A tempo parcial
A Coruña	100,0	0,0
Ourense	87,5	12,5
Pontevedra	93,9	6,1

⁴⁹ De 35-40 horas á semana.

5.5.3.1.2 Concellos

O Anexo 14 mostra os resultados do tipo de xornada das persoas que traballan en Galicia por concellos.

5.5.3.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas

O emprego a tempo completo é total nas sete comunidades autónomas con presenza de antigos estudantes en estudos de doutoramento da UVigo (Andalucía, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Comunidade de Madrid, Comunidade Valenciana e País Basco).

5.5.3.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

O emprego a tempo completo é total en 10 dos 12 países avaliados, salvo na Italia e Portugal, con metade e 9,1%, respectivamente, a tempo parcial.

Cadro nº 198. Tipo de contrato no resto do mundo por países

	A tempo completo	A tempo parcial
Alemaña	100,0	0,0
Bélxica	100,0	0,0
Brasil	100,0	0,0
Chile	100,0	0,0
Ecuador	100,0	0,0
Estonia	100,0	0,0
EUA	100,0	0,0
Francia	100,0	0,0
Italia	50,0	50,0
Portugal	90,9	9,1
Suecia	100,0	0,0
Suíza	100,0	0,0

5.5.4 Tipo de xornada segundo a rama de coñecemento

Se ben que predomina o emprego a tempo completo, a xornada a tempo parcial é notábel nas ramas Xurídico-Social (9,4%), Artes e Humanidades (7,7%) e Tecnolóxica (5,0%).

Cadro nº 199. Tipo de xornada segundo a rama de coñecemento

	A tempo completo	A tempo parcial
Artes e Humanidades	92,3	7,7
Ciencias da Saúde	100,0	0,0
Científico	100,0	0,0
Tecnolóxico	94,1	5,9
Xurídico-Social	90,6	9,4

Por sexo, consoante mostra o Cadro nº 200, o emprego a tempo parcial é exclusivo nas mulleres en Artes e Humanidades (11,1%) e Tecnolóxica (20,0%), superando aos homes na Xurídico-Social (11,1% contra 7,1%).

Cadro nº 200. Tipo de xornada segundo a rama de coñecemento por sexo

	Tempo parcial home	Tempo parcial muller
Artes e Humanidades	0,0	11,1
Ciencias da Saúde	0,0	0,0
Científico	0,0	0,0

Tecnolóxico	0,0	20,0
Xurídico-Social	7,1	11,1

5.5.5 Tipo de xornada segundo o programa de doutoramento

O emprego a tempo completo é total en 28 dos 33 programas de doutoramento avaliados e maioritario no resto, onde o traballo con xornada a tempo parcial é notábel en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (33,3%), Educación, Deporte e Saúde e en Protección do Patrimonio Cultural (25,0% ambos), Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica (20,0%) e en Análise Económica e Xestión Empresarial (14,3%).

Cadro nº 201. Tipo de xornada segundo o programa de doutoramento

	A tempo completo	A tempo parcial
Análise Económica e Estratexia Empresarial	85,7	14,3
Biotecnoloxía Avanzada	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	100,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	100,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	100,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	100,0	0,0
Comunicación	100,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	75,0	25,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	100,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	100,0	0,0
Estatística e Investigación Operativa	100,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	66,7	33,3
Estudos Lingüísticos	100,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	100,0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	100,0	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	100,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	100,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	75,0	25,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	100,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	100,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	80,0	20,0

O cadro nº 202 mostra a distribución porcentual do traballo a tempo parcial segundo o programa de doutoramento realizado na UVigo no curso 2020/2021 por sexo.

Cadro nº 202. Xornada a tempo parcial segundo o programa de doutoramento por sexo

	Tempo parcial home	Tempo parcial muller
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	50,0
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	-	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	-	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	0,0
Comunicación	0,0	0,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	-	-
Educación, Deporte e Saúde	50,0	0,0
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	s/e
Equidade e Innovación en Educación	-	0,0
Estatística e Investigación Operativa	-	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	s/e	50,0
Estudos Lingüísticos	s/e	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	-
Láser, Fotónica e Visión	0,0	s/e
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	-
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	s/e	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	0,0	33,3
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	0,0	-
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	0,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	s/e
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	25,0

5.5.6 Tipo de xornada segundo a antigüidade no posto

Existen relacións de dependencia estatística entre o tipo de xornada e a antigüidade no posto de traballo ($p\text{-valor} < 0,05$), rexistrándose o emprego a tempo parcial nos tramos de antigüidade entre 24 e 30 meses (11,1%) e en máis de 30 meses (7,5%).

Cadro nº 203. Tipo de xornada segundo a antigüidade no posto

	A tempo completo	A tempo parcial
0-6 meses	100,0	0,0
6-12 meses	100,0	0,0
12-18 meses	100,0	0,0
18-24 meses	88,9	11,1
24-30 meses	100,0	0,0
Máis de 30 meses	92,5	7,5

Como se pode ver no Cadro nº 204 a antigüidade dos titulados/as que traballan a tempo completo (79,41 meses) supera á dos empregados a tempo parcial (49,20 meses).

Cadro nº 204. Antigüidade no posto segundo o tipo de xornada

	A tempo completo	A tempo parcial
0-6 meses	10,3	0,0
6-12 meses	17,2	0,0
12-18 meses	3,4	0,0
18-24 meses	18,4	40,0
24-30 meses	8,0	0,0
Máis de 30 meses	42,5	60,0
Tempo medio (meses)	79,41	49,20
Desviación	118,958	40,506

5.5.7 Tipo de xornada segundo o tipo de contrato

O tipo de xornada a tempo parcial, tal como mostra o Cadro nº 205, é máis frecuente entre os empregados/as afectados pola eventualidade laboral (6,8%), máis nos contratos temporais (10,7%) e ausente en bolseiros/as e 4,2% con estabilidade laboral (3,7% con contratos de duración indefinida e 4,8% fixos/titulares de praza).

Cadro nº 205. Tipo de xornada segundo o tipo de contrato

	A tempo completo	A tempo parcial
Bolsa	100,0	0,0
Fixo/titular de praza	95,2	4,8
Indefinido	96,3	3,7
Por obra/servizo	100,0	0,0
Temporal/eventual	89,3	10,7

5.6 Rama de actividade

5.6.1 Resultados globais e por sexo

O sector público emprega á maioría (67,0%) de doutores/as graduados na UVigo no curso 2020/2021, sen diferenzas significativas por sexo.

Cadro nº 206. Rama de actividade das persoas tituladas

	%	Home	Muller
Empresa privada	33,0	33,3	32,8
Sector público	67,0	66,7	67,2

5.6.2 Rama de actividade segundo a procedencia

O emprego na empresa privada é máis frecuente nos doutores/as internacionais (38,9%) que nos nacionais (31,8%).

Cadro nº 207. Rama de actividade segundo a procedencia

